

**CEIP SAN MARCOS  
ABEGONDO  
PROGRAMACIÓN 1º CURSO  
CURSO 2021-2022**



**Materia:** Educación Musical

## ÍNDICE

1. Normativa	2
2. Introducción e contextualización	2
3. Obxectivos	4
Obxectivos xerais de EDUCACIÓN PRIMARIA	4
Concreción dos obxectivos para a materia de Educación Musical	5
4. Contribucións da Educación Musical ás competencias clave	6
5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un	7
6. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave	14
7. Materiais e recursos didácticos	16
8. Avaliación	17
9. Atención á diversidade	20
10. Actividades complementarias e extraescolares	20
11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	20

## 1. Normativa

- **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro (LOMCE) para a mellora da calidade educativa, que modifica en distintos aspectos a **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (LOE).
- **DECRETO 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09.09.14)
- **Orde do 9 de xuño do 2016** pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación primaria na comunidade autónoma de Galicia
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**
- **Protocolo** de adaptación ao contexto da covid 9 nos **centros de ensino non Universitario de Galicia** para o curso **2020-2021**

## 2. Introducción e contextualización.

### Introdución

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación. É de grande relevancia achegar ao alumnado á interpretación e análise crítica destas manifestacións, para facelo consciente de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de seren reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador. Permitirá o disfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as aportacións que se foron engadindo ao mesmo. Non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se contemple a presenza da arte en todas as súas posibilidades.

A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización, entre outras; e todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os encontros musicais cos que o alumno entra en contacto, así como a consecución do desenvolvemento pleno da súa personalidade.

Xunto coa dimensión reflexiva darémoslle importancia tamén á produción de obras musicais por parte do alumnado, tendo como obxectivo que o alumnado sexa o protagonista final dos

produtos da aprendizaxe. Este proceso debe desenvolver as súas facetas artísticas para servir como medio de expresión de ideas, pensamentos e sentimentos polo que debemos entender, coñecer e investigar desde idades temperás os fundamentos de dita linguaxe. Ao igual que ocorre con outras linguaxe, o ser humano utiliza a linguaxe musical para comunicarse co resto de seres humanos.

Os alumnos e alumnas son persoas do século XXI e non poden estar alonxados do coñecemento das tecnoloxías propias deste século; así pois, tamén vai a aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as TIC ofrecen para o desenvolvemento das capacidades artísticas do alumando.

Esta asignatura impártese en galego segundo a decisión do centro educativo, garantindo que as materias en galego e castelán se ditribúan na mesma porcentaxe, e de acordo co decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

### **Contextualización:**

O Concello de Abegondo, terra entre ríos Mero, Barcés e Gobia, está enmarcado dentro da comarca natural de As Mariñas dos Frades. Ten unha extensión de 83,81km<sup>2</sup>, nas que agrupa 19 parroquias, cunha poboación de 5.467 habitantes. A actividade da poboación variou nos últimos anos debido ás actividades que esta desenvolve dentro e fóra do concello, xunto coa chegada de poboación doutros concellos próximos.

O CEIP Plurilingüe San Marcos, que ten un total de 5 unidades de Educación Infantil (en diante EI) e 12 unidades de Educación Primaria (en diante EP), conta cun total de 306 alumnos e alumnas (87 en EI e 219 en EP) para o curso 2021-2022

O claustro está formado por 30 mestras e mestres, conta este ano cun 50% de profesorado novo.

O Centro con horario de xornada partida (e continua nos meses de setembro e xuño), comedor escolar ao que queda un 98% do total do alumnado.

### **3. Obxectivos**

#### **Obxectivos da Educación Primaria:**

A Educación primaria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan conseguir os seguintes obxectivos:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### **Concreción dos obxectivos para 1º cursos.**

1. Discriminar auditivamente os sons da súa contorna máis próxima diferenciando entre son, silencio e ruído.
2. Discriminar auditivamente os sons da contorna (a rúa, o bosque, a granxa, a casa e as profesións) e do propio corpo.
3. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
4. Valorar a importancia do silencio como parte da música.
5. Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da súa contorna.
6. Exercitar mellor o oído a partir da audición activa de obras musicais descritivas.
7. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións.
8. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
9. Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións: estrofa e refrán, e ostinato rítmico.
10. Interpretar sons con percusión corporal empregando a técnica de Kodaly para distinguir a duración.
11. Identificar os instrumentos de pequena percusión e a súa agrupación por familias: metal, madeira e parche.

12. Coñecer e decodificar as grafías convencionais (negra, corchea, silencio de negra) e non convencionais.
13. Ler partituras sinxelas con grafías non convencionais.
14. Vivenciar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario.
15. Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.
16. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.
17. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e os seus protagonistas
18. Construír instrumentos musicais con materiais de reciclaxe.

#### **4. Contribucións da Educación musical ás competencias clave**

Segundo o Decreto 105/2014, en liña coa Recomendación 2006/962/EC, as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa e a inclusión social. A música contribúe á adquisición das competencias clave:

**1º Competencia en comunicación lingüística (CCL):** ofrece unha modalidade de comunicación diferente, favorecendo o concepto de alfabetizacións múltiples. As cancións e os textos traballados, son un vehículo excelente para a adquisición da dimensión léxica, fonolóxica e ortoépica. Desenvólvese igualmente a través da descrición dos procesos de traballo, de solucións dadas e de valoración de obras artísticas.

**2º Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía (CMCT):** a música incide na utilización de modos de pensamento lóxico e espacial: relacións entre a altura dos sons e organización de escalas, proporcións rítmicas, figuras xeométricas nas danzas, etc. Mediante o coñecemento dos fenómenos acústicos e a construción de instrumentos desenvolvemos o pensamento científico e valores relacionados coa educación ambiental.

**3º Competencia dixital (CD):** os recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe musical espertan no alumnado o interese por aprender e o prepara para incorporarse na sociedade na que vive, cada día máis tecnificada. Aprenderán a manexar distintos formatos de audio (mp3, wav e MIDI), técnicas de tratamento e gravación de sons (gravadora H1, Boss RC 50 loop station, podcast), producións de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Igualmente traballarán a busca, tratamento e intercambio de información referida a ámbitos culturais

do entorno ou doutros pobos e culturas. Tomarán conciencia da necesidade de respectar os principios éticos no uso das TIC e os seus riscos.

**4º Competencia para aprender a aprender (CAA):** levar a cabo actividades de interpretación, creación e improvisación, tanto individuais como en grupo, axuda a coñecer as súas propias capacidades, potencialidades e carencias, así como a ter un sentimento positivo cara a propia capacidade para aprender desenvolvendo a autoconfianza. A audición activa e a análise dos elementos percibidos desenvolve as capacidades de atención, concentración, memoria e orde.

**5º Competencia en ciencias sociais e cívicas (CCSC):** por unha parte contribuiremos ao benestar persoal tanto físico como mental nunha dobre dimensión: individual e colectiva. Por outra, mediante o folclore e as manifestacións musicais doutras épocas, coñecemos distintas sociedades e culturas, así como o contexto actual de crecente globalización. Contribuiremos a adquisición de comportamentos individuais que capacitan para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, dinámica, cambiante e complexa.

**6º Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** a través da interpretación e a creación musical, favorecemos a capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións; tan importantes para a resolución de problemas. Fomenta a predisposición para actuar dunha forma creadora, imaxinativa, creativa, con sentido crítico e de responsabilidade.

**7º Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC):** ofrecendo o coñecemento de distintos códigos artísticos e a utilización das técnicas que lle son propias, axudando ao alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que lle rodea, ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais, o interese por participar na vida cultural da sociedade e ampliar as súas posibilidades de ocio. Fomentaremos a capacidade de apreciar, comprender e valorar diferentes manifestacións culturais e musicais da nosa cultura e doutras; considerandoas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos e contribuindo á súa conservación.

**5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un.**



ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	PRIMEIRO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.</li> <li>▪ B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.</li> <li>▪ B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.</li> <li>▪ B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.</li> <li>▪ B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas e masculinas</li> <li>▪ B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.</li> </ul>	Explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.</li> </ul>	Representa graficamente ou corporalmente algunhas das calidades traballadas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.</li> </ul>	Recoñece os sons do seu contexto.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades</li> </ul>	Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva dalgunhas das calidades traballadas	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas.</li> </ul>	Recoñece voces masculinas e femininas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	PRIMEIRO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.</li> <li>▪ EMB1.2.2. Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.</li> </ul>	Coñece algunhas persoas compositoras.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.</li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ d</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves.</li> <li>▪ B1.9. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven nelas( dirección, instrumentista e público).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado as sensacións e as impresións sentidas na audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.</li> </ul>	Representa de forma básica os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.</li> </ul>		

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	PRIMEIRO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
▪ j	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Elementos da música: tempo e dinámica.</li> <li>▪ B1.12. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.</li> <li>▪ B1.13. Forma musical: repetición e contraste. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra</li> </ul>	Coñece e identifica algúns os seguintes elementos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.</li> </ul>	Identifica a notación non convencional para representar elementos do son.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>					
▪ j ▪ b	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.</li> <li>▪ B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.</li> </ul>	Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe, con axuda	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
▪ j ▪ b	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.</li> <li>▪ B2.4. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.</li> </ul>	Interpreta en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre</li> </ul>	Realiza pequenas improvisacións melódicas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	PRIMEIRO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
	unísono.		algunha base dada.		<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.</li> </ul>	Fai o proceso da respiración.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Le con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Imitación de fórmulas rítmicas e melódica</li> <li>B2.6. Lectura e interpretación de partituras breves e sinxelas con graffías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional</li> <li>B2.7. Iniciación á notación musical e ás graffas non convencionais como medio de representación da música.: pentagrama, figuras brancas, negrs e silencio de negra.</li> <li>B2.8. Utilización da percusión corporal e os instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.2. Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Xoga a pregunta-resposta con motivos rítmicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.3. Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Crea, con axuda, pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.4. Elix e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa graffía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	PRIMEIRO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
	<p>de textos, cancións e danzas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.9. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.</li> <li>B2.10. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.5. Elixer e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>b</li> <li>d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Realizar pequenas coreografías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realiza pequenas coreografías en grupo con certa coordinación do movemento corporal e a música</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	PRIMEIRO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas..</li> <li>▪ B3.3. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coordina extremidades superiores e con frecuencia as inferiores nos desprazamentos coa música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

## 6. Metodoloxía didáctica

Preténdese que as distintas estratexias didácticas se amolden á natureza concreta do grupo para obter o maior rendemento posible no proceso de aprendizaxe do alumnado.

### Principios metodolóxicos xerais:

- Aprendizaxes significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.
- Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.
- Actividade : O/A alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.
- Motivación : Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.
- Afectividade : Todo isto realizáremolo nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.

O noso **papel**, como **mestres/as**, será o de **guía e mediador/a** para facilitar a construción de aprendizaxes os/as nosos/as alumnos/as.

### Estratexias metodolóxicas

- Utilización da experiencia previa do/a alumno/a como punto de partida da aprendizaxe
- Fomentar nos/as alumnos/as habilidades para a busca de información, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.
- Potenciar no alumnado a utilización das TICs e da biblioteca como recursos de aprendizaxe.
- Elaborar plans de traballo individualizado nos casos nos que as diferenzas individuais o requiran.
- Presentar actividades de reforzo e apoio, así como de ampliación das establecidas como comúns ao grupo.
- Utilizar fichas de traballo e recursos dixitais como complemento do libro de texto.
- Potenciar a lectura como medio para o progreso nas diversas áreas do currículo.
- Estar abertos ao diálogo, a escoitar os seus problemas e non negarlles a axuda solicitada.
- Crear un clima social de clase relaxado e comprensivo, evitando as tensións e disputas entre compañeiros/as.
- Distribuír tarefas e responsabilidades na clase.
- Apoiar a axuda mutua entre compañeiros/as na realización de actividades.
- Rexeitar todo tipo de discriminación: raza, sexo, condición social ...
- Favorecer a liberdade de expresión e a espontaneidade.
- Favorecer o traballo autónomo e utilizar situacións e estratexias de autoaprendizaxe.
- Levar a cabo unha avaliación continua para coñecer en cada momento a situación de partida de cada alumno/a á hora de introducir novos coñecementos.

## **Metodoloxía específica da área de Educación Musical**

A metodoloxía para traballar máis especificamente os contidos musicais terá un enfoque activo, onde o alumnado sexa o protagonista dos procesos e resultados das aprendizaxes. Utilizaranse enfoques metodolóxicos procedentes das metodoloxías dos grandes pedagogos musicais do s. XX:

- Audición activa acompañada de movemento, recursos gráficos ou partituras para o seu seguemento e análise.
- Musicogramas procedentes da metodoloxía de Jos Wuytack.
- Interpretación de pezas musicas, improvisacións, creacións e sonorizacións con instrumentos da aula, instrumentos de placas Orff, frauta doce, obxectos da vida cotiá e instrumentos de construción propia; así como os naturais do propio corpo.
- Improvisacións rítmicas e melódicas do tipo pregunta-resposta.
- Dictados rítmicos e melódicos sinxelos.
- Sílabas rítmicas como apoio oral para o desenvolvemento do ritmo propostas por Kodaly así como a visión do folclore como raíz cultural e como realidade musical máis próxima ao neno.
- A relaxación durante a actividade musical baseada no método Martenot.
- Enfoque lúdico a través de xogos motores, bailes-xogos e xogos musicados.
- A imitación como recursos para a aprendizaxe de cancións, pezas musicais e danzas.
- Uso das novas tecnoloxías para traballar os distintos contidos: audicións, interpretación musical, gravación de pezas musicais e danzas, creacións, sonorizacións; ao igual que na búsqueda, selección e intercambio de información.

### **Secuenciación habitual do traballo na aula.**

As actividades que propostas estarán destinadas á consecución dos contidos anteriormente citados, ao logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave. Podemos dividilas nos seguintes grupos:

- Actividades de introducción-motivación: crean interese nos alumnos cara a realidade que van aprender.



- Actividades de coñecementos previos: co fin de indagar nas ideas, opinións, acertos ou erros conceptuais dos alumnos e alumnas sobre os contidos a desenvolver.
- Actividades de desenvolvemento: deben cuestionar os coñecementos previos ou ampliar estes se son adecuados. Permiten traballar os conceptos, procedementos o as novas actitudes.
- Actividades de sínteses-resumo: son as que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
- Actividades de consolidación: onde se contrastan as ideas novas coas previas do alumnado e de aplicación das novas aprendizaxes.
- Actividades de ampliación: son aquelas que permiten continuar na contrución de coñecementos. Poden utilizarse como consolidación ou como profundización.
- Actividades de reforzo: programanse para os alumnos e alumnas que non acadaron os coñecementos sobre os contidos básicos, esenciais e prioritarios da Unidade Didáctica en cuestión.
- Actividades de avaliación: integradas no proceso de ensino e aprendizaxe e na actividade ordinaria da aula, con intención de mellora.

As Unidades Didácticas non inclúen necesariamente actividades de todos os tipos, senón que elixiremos as máis adecuadas para cada unha delas.

O conxunto de medidas a ter conta para crear contornas escolares saudables e seguras dentro do contexto da covid 19 deste curso 2021/2022 son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais. Por este motivo a metodoloxía poderá sufrir cambios cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiran.

No caso dun posible ensino non presencial en educación primaria, o alumando de 5º e 6º traballará coa plataforma E-dixgal, alumnado de 3º e 4º o fará a través da aula virtual e o de 1º e 2º a través dos blog de nivel. Todo o alumnado de 3º a 6º ten conta de correo electrónico @ceipsanmarcos.es, coa que se farán as comunicación co alumnado nesta situación. O alumnado de educación infantil seguirá as clases en caso de situación de docencia non presencial a través do blog do ciclo “Supercoidadores do planeta”.

## **7. Materiais e recursos didácticos.**

Calquera material que, nun contexto educativo determinado, utilicemos cunha finalidade didáctica ou para facilitar o desenvolvemento das actividades formativas:

- Material funxible: lápices, gomas, folios, lápices de cores, rotuladores, materiais de refugallo, materias naturais.
- Material impreso: libro Melodía 1 (Galinova Editorial), láminas, fotos, contos, carteis, fichas de elaboradas polo profesorado.
- Material audiovisual e informático (TIC): proxector, pizarra dixital, ordenador portátil con reproductor de CD e DVD, páxinas web, blog da materia de música e da titoría, altofalantes, ultraportátiles, cámara de fotos e vídeo, gravadora de sons, software de contidos musicais, procesador de texto, aplicacións informáticas, dispositivos electrónicos, bancos de sons e imaxes, etc.
- Material lúdico: robots didácticos e taboleiros para o seu uso, xogos musicais, bingos sonoros.
- Material musical:
  - Instrumentos de percusión: claves, caixas chinesas, güiro, maracas, triángulos, ferreñas, axoueres, crótalos, pratos, pandeiros, pandeiretas, tambores, bongoes, bombos, campaiñas, charrasco,
  - Instrumentos rudimentarios e de construción propia: botella de anís, cunchas, culleres, shakers feitos polo alumnado.
  - Instrumento de láminas: xilófonos, metalófonos e carillóns de diferentes tesituras.
  - Baquetas para todos os instrumentos que as necesiten e atrás.
- Frutas doces (achegadas polo alumnado)

## **8. Avaliación**

### **Procedemento para a avaliación inicial**

Nas primeiras semanas do curso avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado (setembro) para observar o grao de desenvolvementos curricular na área de música.

Para levar a cabo esta avaliación inicial realizaranse: probas escritas, exposicións orais, traballos individuais e en grupo, observación do traballo na aula, participación en debates,...

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos/as que necesitan un maior seguemento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe.
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar.
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguemento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor. **Procedementos de**

### **avaliación**

Os procedementos de avaliación son as accións e actividades realizadas polos participantes e polos mestres co propósito de facer efectiva a avaliación das aprendizaxes.

Así os procedementos que utilizaremos serán:

- A observación sistemática: permitindo recoller información individual ou grupal. O alumno non percibe que esta sendo avaliado, isto facilita que se manifeste de forma espontánea e natural.
- Intercambios orais co alumnado: analizando os resultados dunha produción oral levada a cabo polos alumnos.
- Análise das producións de carácter práctico elaboradas polos alumnos: básase na análise do resultado dun produto levado a cabo polos alumnos despois dun período de tempo determinado.

### **Instrumentos.**

Os instrumentos de avaliación son os materiais didácticos destinado á recollida da información. Para garantir unha calidade no proceso de avaliación deberán ser fiables e obxectivos. Os utilizados son:

- Ficha de observación: baseada en guías de observación que facilitan o rexistro dos datos e permiten conservalos con fins avaliativos.
- Diario de clase: permiten recoller a información máis significativa obtida do seguemento do proceso de aprendizaxe como a evolución dos alumnos, as dificultades e logros. Servirá para a reflexión sobre o propio quefacer educativo, para correxir erros e para rexistrar datos obtidos na avaliación inicial continua e final.

- Rúbricas: utilizando rúbricas con identificación dos descritores para cada nivel de desempeño e os mínimos esixibles para a cualificación positiva e unha rúbrica para avaliar o perfil de competencias na área de música ao final do curso

- Portafolio: é a colección de documentos de traballo do alumno que utilizarei para evidenciar as habilidades, esforzos, progresos e logros do alumnado. Servirá tamén como ferramenta de autoavaliación e como coavaliación.

- Investigación de campo: avaliando a búsqueda, selección e organización da información sobre o tema proposto desde un contexto natural e real mediante técnicas de recolección de datos como enquisas ou entrevistas.

### **Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente será continua ao longo do curso académico. Algúns dos indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán:

1. Análise dos resultados obtidos nas avaliacións.
2. O grao mínimo de adquisición dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.
3. O grao de interese e motivación do alumnado cara a materia.
4. O clima de convivencia observado na aula
5. O grao de adquisición da autonomía do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### **Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.**

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e mesmo da programación será continua ao longo do curso académico, pero de xeito explícito levarase a cabo durante o proceso. Algúns indicadores para a avaliación da nosa práctica docente serán:

1. O desenvolvemento da Programación Didáctica no seu conxunto.
2. O axuste entre a secuencialización das unidades.
3. O axeitado da metodoloxía empregada.
4. Os resultados obtidos.
5. O interese amosado polo alumnado na materia.
6. A suficiencia e o axeitado dos recursos materiais empregados e dos exercicios prácticos realizados.
7. O axeitado dos contidos traballados ao nivel do alumnado.
8. O carácter das relacións entre profesores e alumnado, así como as relacións inter pares.
9. A regularidade e a calidade da relación cos pais e nais ou cos tutores legais.
10. Claridade nos criterios da avaliación
11. Adecuación das tarefas.

## **9. Atención á diversidade.**

A atención educativa pretende o éxito escolar de todo o alumnado mediante os principios de calidade, equidade, flexibilidade, normalización e inclusión, entre outros; adecuando a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, grazas ao esforzo compartido de toda a comunidade educativa, achegando os medios e recursos necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, o desenvolvemento das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

## **10. Actividades complementarias e extraescolares.**

Recollidas na Programación Xeral Anual. Estarase aberto ao longo do curso a calquera actividade que poida xurdir e resulte de interese para o alumnado.

## **11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

A revisión, avaliación e modificación desta programación didáctica será trimestral. Para levar a cabo ditos procesos teranse en conta os indicadores de logro para a avaliación da programación recollidos nesta programación así como as conclusións das reunións do equipo de nivel.

**CEIP SAN MARCOS  
ABEGONDO  
PROGRAMACIÓN 2º CURSO  
CURSO 2021-2022**



**Materia:** Educación Musical

## ÍNDICE

1. Normativa	2
2. Introducción e contextualización	2
3. Obxectivos	4
Obxectivos xerais de EDUCACIÓN PRIMARIA	4
Concreción dos obxectivos para a materia de Educación Musical	5
4. Contribucións da Educación Musical ás competencias clave	6
5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un	7
6. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave	17
7. Materiais e recursos didácticos	19
8. Avaliación	19
9. Atención á diversidade	21
10. Actividades complementarias e extraescolares	21
11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	21

## 1. Normativa

- **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro (LOMCE) para a mellora da calidade educativa, que modifica en distintos aspectos a **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (LOE).
- **DECRETO 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09.09.14)
- **Orde do 9 de xuño do 2016** pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación primaria na comunidade autónoma de Galicia
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**
- **Protocolo** de adaptación ao contexto da covid 9 nos **centros de ensino non Universitario de Galicia** para o curso **2020-2021**

## 2. Introducción e contextualización.

### Introdución

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación. É de grande relevancia achegar ao alumnado á interpretación e análise crítica destas manifestacións, para facelo consciente de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de seren reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador. Permitirá o disfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as aportacións que se foron engadindo ao mesmo. Non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se contemple a presenza da arte en todas as súas posibilidades.

A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización, entre outras; e todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os encontros musicais cos que o alumno entra en contacto, así como a consecución do desenvolvemento pleno da súa personalidade.

Xunto coa dimensión reflexiva darémoslle importancia tamén á produción de obras musicais por parte do alumnado, tendo como obxectivo que o alumnado sexa o protagonista final dos



produtos da aprendizaxe. Este proceso debe desenvolver as súas facetas artísticas para servir como medio de expresión de ideas, pensamentos e sentimentos polo que debemos entender, coñecer e investigar desde idades temperás os fundamentos de dita linguaxe. Ao igual que ocorre con outras linguaxe, o ser humano utiliza a linguaxe musical para comunicarse co resto de seres humanos.

Os alumnos e alumnas son persoas do século XXI e non poden estar alonxados do coñecemento das tecnoloxías propias deste século; así pois, tamén vai a aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as TIC ofrecen para o desenvolvemento das capacidades artísticas do alumando.

Esta asignatura impártese en galego segundo a decisión do centro educativo, garantindo que as materias en galego e castelán se ditribúan na mesma porcentaxe, e de acordo co decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

### **Contextualización:**

O Concello de Abegondo, terra entre ríos Mero, Barcés e Gobia, está enmarcado dentro da comarca natural de As Mariñas dos Frades. Ten unha extensión de 83,81km<sup>2</sup>, nas que agrupa 19 parroquias, cunha poboación de 5.467 habitantes. A actividade da poboación variou nos últimos anos debido ás actividades que esta desenvolve dentro e fóra do concello, xunto coa chegada de poboación doutros concellos próximos.

O CEIP Plurilingüe San Marcos, que ten un total de 5 unidades de Educación Infantil (en adiante EI) e 12 unidades de Educación Primaria (en adiante EP), conta cun total de 306 alumnos e alumnas (87 en EI e 219 en EP) para o curso 2021-2022

O claustro está formado por 30 mestras e mestres, conta este ano cun 50% de profesorado novo..

O Centro con horario de xornada partida (e continua nos meses de setembro e xuño), comedor escolar ao que queda un 98% do total do alumnado.

### **3. Obxectivos**

#### **Obxectivos da Educación Primaria:**

A Educación primaria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan conseguir os seguintes obxectivos:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### **Concreción dos obxectivos para 2º curso.**

1. Discriminar auditivamente os sons da súa contorna máis próxima diferenciando entre son, silencio e ruído
2. Discriminar auditivamente os sons da contorna (a rúa, o bosque, a granxa, a casa e as profesións) e do propio corpo.
3. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
4. Valorar a importancia do silencio como parte da música.
5. Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da súa contorna.
6. Exercitar mellor o oído a partir da audición activa de obras musicais descritivas.
7. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións.
8. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
9. Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións: estrofa e refrán, e ostinato rítmico.
10. Interpretar sons con percusión corporal empregando a técnica de Kodaly para distinguir a duración.
11. Identificar os instrumentos de pequena percusión e a súa agrupación por familias: metal, madeira e parche.

12. Coñecer e decodificar as grafías convencionais (negra, corchea, silencio de negra) e non convencionais.
13. Ler partituras sinxelas con grafías non convencionais.
14. Vivenciar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario. Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.
15. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.
16. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e os seus protagonistas.
17. Construír instrumentos musicais con materiais de reciclaxe.

#### **4. Contribucións da Educación musical ás competencias clave**

Segundo o Decreto 105/2014, en liña coa Recomendación 2006/962/EC, as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa e a inclusión social. A música contribúe á adquisición das competencias clave:

**1º Competencia en comunicación lingüística (CCL):** ofrece unha modalidade de comunicación diferente, favorecendo o concepto de alfabetizacións múltiples. As cancións e os textos traballados, son un vehículo excelente para a adquisición da dimensión léxica, fonolóxica e ortoépica. Desenvólvese igualmente a través da descrición dos procesos de traballo, de solucións dadas e de valoración de obras artísticas.

**2º Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía (CMCT):** a música incide na utilización de modos de pensamento lóxico e espacial: relacións entre a altura dos sons e organización de escalas, proporcións rítmicas, figuras xeométricas nas danzas, etc. Mediante o coñecemento dos fenómenos acústicos e a construción de instrumentos desenvolvemos o pensamento científico e valores relacionados coa educación ambiental.

**3º Competencia dixital (CD):** os recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe musical espertan no alumnado o interese por aprender e o prepara para incorporarse na sociedade na que vive, cada día máis tecnificada. Aprenderán a manexar distintos formatos de audio (mp3, wav e MIDI), técnicas de tratamento e gravación de sons (gravadora H1, Boss RC 50 loop station, podcast), producións de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Igualmente traballarán a busca, tratamento e intercambio de información referida a ámbitos culturais do entorno ou doutros pobos e culturas. Tomarán conciencia da necesidade de respectar os principios éticos no uso das TIC e os seus riscos.

**4º Competencia para aprender a aprender (CAA):** levar a cabo actividades de interpretación, creación e improvisación, tanto individuais como en grupo, axuda a coñecer as súas propias capacidades, potencialidades e carencias, así como a ter un sentimento positivo cara a propia capacidade para aprender desenvolvendo a autoconfianza. A audición activa e a análise dos elementos percibidos desenvolve as capacidades de atención, concentración, memoria e orde.

**5º Competencia en ciencias sociais e cívicas (CCSC):** por unha parte contribuiremos ao benestar persoal tanto físico como mental nunha dobre dimensión: individual e colectiva. Por outra, mediante o folclore e as manifestacións musicais doutras épocas, coñecemos distintas sociedades e culturas, así como o contexto actual de crecente globalización. Contribuiremos a adquisición de comportamentos individuais que capacitan para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, dinámica, cambiante e complexa.

**6º Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** a través da interpretación e a creación musical, favorecemos a capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións; tan importantes para a resolución de problemas. Fomenta a predisposición para actuar dunha forma creadora, imaxinativa, creativa, con sentido crítico e de responsabilidade.

**7º Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC):** ofrecendo o coñecemento de distintos códigos artísticos e a utilización das técnicas que lle son propias, axudando ao alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que lle rodea, ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais, o interese por participar na vida cultura da sociedade e ampliar as súas posibilidades de ocio. Fomentaremos a capacidade de apreciar, comprender e valorar diferentes manifestacións culturais e musicais da nosa cultura e doutras; considerandoas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos e contribuindo á súa conservación.

**5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un.**

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		C. clave
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.</li> <li>▪ B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.</li> <li>▪ B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.</li> <li>▪ B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. <ul style="list-style-type: none"> <li>• Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.</li> </ul> </li> <li>▪ B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.</li> <li>▪ B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.</li> </ul>	Explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.</li> </ul>	Representa graficamente ou corporalmente algunhas das calidades traballadas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.</li> </ul>	Recoñece os sons do seu contexto.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.</li> </ul>	Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva dalgunhas das calidades traballadas	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.</li> </ul>	Recoñece voces masculinas, femininas e infantís.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		C. clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ d</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.</li> <li>▪ B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego.</li> <li>▪ B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónas coas súas obras.</li> </ul>	Coñece algunhas persoas compositoras.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.</li> </ul>	Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.</li> </ul>	Representa de forma básica os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		C. clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.</li> </ul>	adecuado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.</li> </ul>	Emprega vocabulario básico musical	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter.</li> <li>B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.</li> <li>B1.15. Forma musical: repetición e contraste.</li> <li>B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.</li> <li>B1.17. Pulso e acento. Compás binario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra</li> </ul>	Coñece e identifica algúns os seguintes elementos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra e parella de corcheas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.</li> </ul>	Identifica a notación non convencional para representar elementos do son.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.</li> </ul>	Recoñece e identifica algúns instrumentos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL					



ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		C. clave
▪ j	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.</li> <li>▪ B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.</li> </ul>	Crea, con axuda, pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
▪ j	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Iniciación á frauta doce. O xilófono e o metalófono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Coñecer e manexar a frauta doce e algún instrumento de aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa frauta e dos instrumentos da aula.</li> </ul>	Toca algún fragmento melódico ou rítmico coa frauta e os instrumentos da aula.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.</li> <li>▪ B2.5. Imitación de fórmulas melódicas.</li> <li>▪ B2.6. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.</li> </ul>	Interpreta en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.</li> </ul>	Realiza pequenas improvisacións melódicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Fai o proceso da respiración con certa consciencia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EM2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.</li> </ul>	Le con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Imitación de fórmulas rítmicas.</li> <li>▪ B2.8. Lectura e interpretación de partituras sinxelas con</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		C. clave
	<p>grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.9. Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama.</li> <li>▪ B2.10. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.</li> <li>▪ B2.11. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.</li> <li>▪ B2.12. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.</li> <li>▪ B2.13. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.</li> </ul>	Xoga a pregunta-resposta con motivos rítmicos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.</li> </ul>			Crea, con axuda, pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.4.4. Elix e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.</li> </ul>			Combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.4.5. Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.</li> </ul>			Combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		C. clave
	pregunta-resposta.				
<b>BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Realizar pequenas coreografías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realiza pequenas coreografías en grupo con certa coordinación do movemento corporal e a música</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.</li> <li>▪ B3.3. Práctica dalgunha danza tradicional galega.</li> <li>▪ B3.4. Improvisación de movementos en</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coordina extremidades superiores e con frecuencia as inferiores nos desprazamentos coa música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe		C. clave
	resposta a diferentes estímulos sonoros.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.</li> </ul>	Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

## 66. Metodoloxía didáctica

Preténdese que as distintas estratexias didácticas se amolden á natureza concreta do grupo para obter o maior rendemento posible no proceso de aprendizaxe do alumnado.

### Principios metodolóxicos xerais:

- Aprendizaxes significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.
- Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.
- Actividade : O/A alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.
- Motivación : Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.
- Afectividade : Todo isto realizáremolo nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.

O noso **papel**, como **mestres/as**, será o de **guía e mediador/a** para facilitar a construción de aprendizaxes os/as nosos/as alumnos/as.

### Estratexias metodolóxicas

- Utilización da experiencia previa do/a alumno/a como punto de partida da aprendizaxe
- Fomentar nos/as alumnos/as habilidades para a busca de información, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.
- Potenciar no alumnado a utilización das TICs e da biblioteca como recursos de aprendizaxe.
- Elaborar plans de traballo individualizado nos casos nos que as diferenzas individuais o requiran.
- Presentar actividades de reforzo e apoio, así como de ampliación das establecidas como comúns ao grupo.
- Utilizar fichas de traballo e recursos dixitais como complemento do libro de texto.
- Potenciar a lectura como medio para o progreso nas diversas áreas do currículo.
- Estar abertos ao diálogo, a escoitar os seus problemas e non negarlles a axuda solicitada.
- Crear un clima social de clase relaxado e comprensivo, evitando as tensións e disputas entre compañeiros/as.
- Distribuír tarefas e responsabilidades na clase.
- Apoiar a axuda mutua entre compañeiros/as na realización de actividades.
- Rexeitar todo tipo de discriminación: raza, sexo, condición social ...
- Favorecer a liberdade de expresión e a espontaneidade.
- Favorecer o traballo autónomo e utilizar situacións e estratexias de autoaprendizaxe.
- Levar a cabo unha avaliación continua para coñecer en cada momento a situación de partida de cada alumno/a á hora de introducir novos coñecementos.

## **Metodoloxía específica da área de Educación Musical**

A metodoloxía para traballar máis especificamente os contidos musicais terá un enfoque activo, onde o alumnado sexa o protagonista dos procesos e resultados das aprendizaxes. Utilizaranse enfoques metodolóxicos procedentes das metodoloxías dos grandes pedagogos musicais do s. XX:

- Audición activa acompañada de movemento, recursos gráficos ou partituras para o seu seguemento e análise.
- Musicogramas procedentes da metodoloxía de Jos Wuytack.
- Interpretación de pezas musicas, improvisacións, creacións e sonorizacións con instrumentos da aula, instrumentos de placas Orff, frauta doce, obxectos da vida cotiá e instrumentos de construción propia; así como os naturais do propio corpo.
- Improvisacións rítmicas e melódicas do tipo pregunta-resposta.
- Dictados rítmicos e melódicos sinxelos.
- Sílabas rítmicas como apoio oral para o desenvolvemento do ritmo propostas por Kodaly así como a visión do folclore como raíz cultural e como realidade musical máis próxima ao neno.
- A relaxación durante a actividade musical baseada no método Martenot.
- Enfoque lúdico a través de xogos motores, bailes-xogos e xogos musicados.
- A imitación como recursos para a aprendizaxe de cancións, pezas musicais e danzas.
- Uso das novas tecnoloxías para traballar os distintos contidos: audicións, interpretación musical, gravación de pezas musicais e danzas, creacións, sonorizacións; ao igual que na búsqueda, selección e intercambio de información.

### **Secuenciación habitual do traballo na aula.**

As actividades que propostas estarán destinadas á consecución dos contidos anteriormente citados, ao logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave. Podemos dividilas nos seguintes grupos:

- Actividades de introducción-motivación: crean interese nos alumnos cara a realidade que van aprender.

- Actividades de coñecementos previos: co fin de indagar nas ideas, opinións, acertos ou erros conceptuais dos alumnos e alumnas sobre os contidos a desenvolver.
- Actividades de desenvolvemento: deben cuestionar os coñecementos previos ou ampliar estes se son adecuados. Permiten traballar os conceptos, procedementos o as novas actitudes.
- Actividades de sínteses-resumo: son as que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
- Actividades de consolidación: onde se contrastan as ideas novas coas previas do alumnado e de aplicación das novas aprendizaxes.
- Actividades de ampliación: son aquelas que permiten continuar na contrución de coñecementos. Poden utilizarse como consolidación ou como profundización.
- Actividades de reforzo: programanse para os alumnos e alumnas que non acadaron os coñecementos sobre os contidos básicos, esenciais e prioritarios da Unidade Didáctica en cuestión.
- Actividades de avaliación: integradas no proceso de ensino e aprendizaxe e na actividade ordinaria da aula, con intención de mellora.

As Unidades Didácticas non inclúen necesariamente actividades de todos os tipos, senón que elixiremos as máis adecuadas para cada unha delas.

O conxunto de medidas a ter conta para crear contornas escolares saudables e seguras dentro do contexto da covid 19 deste curso 2021/2022 son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais. Por este motivo a metodoloxía poderá sufrir cambios cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiran.

No caso dun posible ensino non presencial en educación primaria, o alumando de 5º e 6º traballará coa plataforma E-dixgal, alumnado de 3º e 4º o fará a través da aula virtual e o de 1º e 2º a través dos blog de nivel. Todo o alumnado de 3º a 6º ten conta de correo electrónico @ceipsanmarcos.es, coa que se farán as comunicación co alumnado nesta situación. O alumnado de educación infantil seguirá as clases en caso de situación de docencia non presencial a través do blog do ciclo “Supercoidadores do planeta”.

## **7. Materiais e recursos didácticos.**

Calquera material que, nun contexto educativo determinado, utilicemos cunha finalidade didáctica ou para facilitar o desenvolvemento das actividades formativas:

- Material funxible: lápices, gomas, folios, lápices de cores, rotuladores, materiais de refugallo, materias naturais.
- Material impreso: libro Melodía 2 (Galinova Editorial), láminas, fotos, contos, carteis, fichas de elaboradas polo profesorado.
- Material audiovisual e informático (TIC): proxector, pizarra dixital, ordenador portátil con reproductor de CD e DVD, páxinas web, blog da materia de música e da titoría, altofalantes, ultraportátiles, cámara de fotos e vídeo, gravadora de sons, software de contidos musicais, procesador de texto, aplicacións informáticas, dispositivos electrónicos, bancos de sons e imaxes, etc.
- Material lúdico: robots didácticos e taboleiros para o seu uso, xogos musicais, bingos sonoros.
- Material musical:
  - Instrumentos de percusión: claves, caixas chinesas, güiro, maracas, triángulos, ferreñas, axoueres, crótalos, pratos, pandeiros, pandeiretas, tambores, bongoes, bombos, campaiñas, charrasco,
  - Instrumentos rudimentarios e de construción propia: botella de anís, cunchas, culleres, shakers feitos polo alumnado.
  - Instrumento de láminas: xilófonos, metalófonos e carillóns de diferentes tesituras.
  - Baquetas para todos os instrumentos que as necesiten e atrás.
- Frutas doces (achegadas polo alumnado)

## **8. Avaliación**

### **Procedemento para a avaliación inicial**

Nas primeiras semanas do curso avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado (setembro) para observar o grao de desenvolvementos curricular na área de música.

Para levar a cabo esta avaliación inicial realizaranse: probas escritas, exposicións orais, traballos individuais e en grupo, observación do traballo na aula, participación en debates,...



A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos/as que necesitan un maior seguemento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe.
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar.
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguemento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor. **Procedementos de**

### **avaliación**

Os procedementos de avaliación son as accións e actividades realizadas polos participantes e polos mestres co propósito de facer efectiva a avaliación das aprendizaxes.

Así os procedementos que utilizaremos serán:

- A observación sistemática: permitindo recoller información individual ou grupal. O alumno non percibe que esta sendo avaliado, isto facilita que se manifeste de forma espontánea e natural.
- Intercambios orais co alumnado: analizando os resultados dunha produción oral levada a cabo polos alumnos.
- Análise das producións de carácter práctico elaboradas polos alumnos: básase na análise do resultado dun produto levado a cabo polos alumnos despois dun período de tempo determinado.

### **Instrumentos.**

Os instrumentos de avaliación son os materiais didácticos destinado á recollida da información. Para garantir unha calidade no proceso de avaliación deberán ser fiables e obxectivos. Os utilizados son:

- Ficha de observación: baseada en guías de observación que facilitan o rexistro dos datos e permiten conservalos con fins avaliativos.
- Diario de clase: permiten recoller a información máis significativa obtida do seguemento do proceso de aprendizaxe como a evolución dos alumnos, as dificultades e logros. Servirá para a reflexión sobre o propio quefacer educativo, para correxir erros e para rexistrar datos obtidos na avaliación inicial continua e final.

- Rúbricas: utilizando rúbricas con identificación dos descritores para cada nivel de desempeño e os mínimos esixibles para a cualificación positiva e unha rúbrica para avaliar o perfil de competencias na área de música ao final do curso

- Portafolio: é a colección de documentos de traballo do alumno que utilizarei para evidenciar as habilidades, esforzos, progresos e logros do alumnado. Servirá tamén como ferramenta de autoavaliación e como coavaliación.

- Investigación de campo: avaliando a búsqueda, selección e organización da información sobre o tema proposto desde un contexto natural e real mediante técnicas de recolección de datos como enquisas ou entrevistas.

### **Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente será continua ao longo do curso académico. Algúns dos indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán:

1. Análise dos resultados obtidos nas avaliacións.
2. O grao mínimo de adquisición dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.
3. O grao de interese e motivación do alumnado cara a materia.
4. O clima de convivencia observado na aula
5. O grao de adquisición da autonomía do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### **Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.**

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e mesmo da programación será continua ao longo do curso académico, pero de xeito explícito levarase a cabo durante o proceso. Algúns indicadores para a avaliación da nosa práctica docente serán:

1. O desenvolvemento da Programación Didáctica no seu conxunto.
2. O axuste entre a secuencialización das unidades.
3. O axeitado da metodoloxía empregada.
4. Os resultados obtidos.
5. O interese amosado polo alumnado na materia.
6. A suficiencia e o axeitado dos recursos materiais empregados e dos exercicios prácticos realizados.
7. O axeitado dos contidos traballados ao nivel do alumnado.
8. O carácter das relacións entre profesores e alumnado, así como as relacións inter pares.
9. A regularidade e a calidade da relación cos pais e nais ou cos tutores legais.
10. Claridade nos criterios da avaliación
11. Adecuación das tarefas.

## **9. Atención á diversidade.**

A atención educativa pretende o éxito escolar de todo o alumnado mediante os principios de calidade, equidade, flexibilidade, normalización e inclusión, entre outros; adecuando a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, grazas ao esforzo compartido de toda a comunidade educativa, achegando os medios e recursos necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, o desenvolvemento das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

## **10. Actividades complementarias e extraescolares.**

Recollidas na Programación Xeral Anual. Estarase aberto ao longo do curso a calquera actividade que poida xurdir e resulte de interese para o alumnado.

## **11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

A revisión, avaliación e modificación desta programación didáctica será trimestral. Para levar a cabo ditos procesos teranse en conta os indicadores de logro para a avaliación da programación recollidos nesta programación así como as conclusións das reunións do equipo de nivel.

**CEIP SAN MARCOS  
ABEGONDO  
PROGRAMACIÓN 3º CURSO  
CURSO 2021-2022**



**Materia:** Educación Musical

## ÍNDICE

1. Normativa	2
2. Introducción e contextualización	2
3. Obxectivos	4
Obxectivos xerais de EDUCACIÓN PRIMARIA	4
Concreción dos obxectivos para a materia de Educación Musical	5
4. Contribucións da Educación Musical ás competencias clave	6
5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un	7
6. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave	13
7. Materiais e recursos didácticos	15
8. Avaliación	16
9. Atención á diversidade	20
10. Actividades complementarias e extraescolares	20
11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	20

## 1. Normativa

- **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro (LOMCE) para a mellora da calidade educativa, que modifica en distintos aspectos a **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (LOE).
- **DECRETO 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09.09.14)
- **Orde do 9 de xuño do 2016** pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación primaria na comunidade autónoma de Galicia
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**
- **Protocolo** de adaptación ao contexto da covid 9 nos **centros de ensino non Universitario de Galicia** para o curso **2020-2021**

## 2. Introducción e contextualización.

### Introdución

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación. É de grande relevancia achegar ao alumnado á interpretación e análise crítica destas manifestacións, para facelo consciente de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de seren reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador. Permitirá o disfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as aportacións que se foron engadindo ao mesmo. Non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se contemple a presenza da arte en todas as súas posibilidades.

A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización, entre outras; e todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os encontros musicais cos que o alumno entra en contacto, así como a consecución do desenvolvemento pleno da súa personalidade.

Xunto coa dimensión reflexiva darémoslle importancia tamén á produción de obras musicais por parte do alumnado, tendo como obxectivo que o alumnado sexa o protagonista final dos

produtos da aprendizaxe. Este proceso debe desenvolver as súas facetas artísticas para servir como medio de expresión de ideas, pensamentos e sentimentos polo que debemos entender, coñecer e investigar desde idades temperás os fundamentos de dita linguaxe. Ao igual que ocorre con outras linguaxe, o ser humano utiliza a linguaxe musical para comunicarse co resto de seres humanos.

Os alumnos e alumnas son persoas do século XXI e non poden estar alonxados do coñecemento das tecnoloxías propias deste século; así pois, tamén vai a aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as TIC ofrecen para o desenvolvemento das capacidades artísticas do alumando.

Esta asignatura impártese en galego segundo a decisión do centro educativo, garantindo que as materias en galego e castelán se ditribúan na mesma porcentaxe, e de acordo co decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

### **Contextualización:**

O Concello de Abegondo, terra entre ríos Mero, Barcés e Gobia, está enmarcado dentro da comarca natural de As Mariñas dos Frades. Ten unha extensión de 83,81km<sup>2</sup>, nas que agrupa 19 parroquias, cunha poboación de 5.467 habitantes. A actividade da poboación variou nos últimos anos debido ás actividades que esta desenvolve dentro e fóra do concello, xunto coa chegada de poboación doutros concellos próximos.

O CEIP Plurilingüe San Marcos, que ten un total de 5 unidades de Educación Infantil (en diante EI) e 12 unidades de Educación Primaria (en diante EP), conta cun total de 306 alumnos e alumnas (87 en EI e 219 en EP) para o curso 2021-2022

O claustro está formado por 30 mestras e mestres, conta este ano cun 50% de profesorado novo.

O Centro con horario de xornada partida (e continua nos meses de setembro e xuño), comedor escolar ao que queda un 98% do total do alumnado.

### **3. Obxectivos**

#### **Obxectivos da Educación Primaria:**

A Educación primaria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan conseguir os seguintes obxectivos:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.



- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### **Concreción dos obxectivos para 3º curso.**

1. Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da nosa comunidade.
2. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións e na descodificación do son que reproduce.
3. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
4. Valorar a importancia do silencio como parte da música.
5. Discriminar visual e auditivamente os sons da contorna (a rúa, o bosque, a granxa, a casa, as profesións, do propio corpo...
6. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
7. Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións.
8. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos de pequena percusión: metal, madeira e parche.
9. Clasificar instrumentos por familias: vento, corda e percusión.
10. Ler e interpretar partituras sinxelas con graffías convencionais e non convencionais.

11. Vivenciar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario, ternario e cuaternario.
12. Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.
13. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.
14. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e os seus protagonistas
15. Construír instrumentos musicais con materiais de reciclaxe.
16. Coñecer algúns nomes significativos de profesionais relacionados coa música e a actividade que desenvolven (compositor, director, músicos...).
17. Coñecer a dixitación da frauta: escala de DO sen alteracións.
18. Interpretar un repertorio básico de pezas para frauta, con e sen acompañamento.

#### **4. Contribucións da Educación musical ás competencias clave**

Segundo o Decreto 105/2014, en liña coa Recomendación 2006/962/EC, as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa e a inclusión social. A música contribúe á adquisición das competencias clave:

**1º Competencia en comunicación lingüística (CCL):** ofrece unha modalidade de comunicación diferente, favorecendo o concepto de alfabetizacións múltiples. As cancións e os textos traballados, son un vehículo excelente para a adquisición da dimensión léxica, fonolóxica e ortoépica. Desenvólvese igualmente a través da descrición dos procesos de traballo, de solucións dadas e de valoración de obras artísticas.

**2º Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía (CMCT):** a música incide na utilización de modos de pensamento lóxico e espacial: relacións entre a altura dos sons e organización de escalas, proporcións rítmicas, figuras xeométricas nas danzas, etc. Mediante o coñecemento dos fenómenos acústicos e a construción de instrumentos desenvolvemos o pensamento científico e valores relacionados coa educación ambiental.

**3º Competencia dixital (CD):** os recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe musical espertan no alumnado o interese por aprender e o prepara para incorporarse na sociedade na que vive, cada día máis tecnificada. Aprenderán a manexar distintos formatos de audio (mp3, wav e MIDI), técnicas de tratamento e gravación de sons (gravadora H1, Boss RC 50 loop station, podcast), producións de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Igualmente traballarán a busca, tratamento e intercambio de información referida a ámbitos culturais

do entorno ou doutros pobos e culturas. Tomarán conciencia da necesidade de respectar os principios éticos no uso das TIC e os seus riscos.

**4º Competencia para aprender a aprender (CAA):** levar a cabo actividades de interpretación, creación e improvisación, tanto individuais como en grupo, axuda a coñecer as súas propias capacidades, potencialidades e carencias, así como a ter un sentimento positivo cara a propia capacidade para aprender desenvolvendo a autoconfianza. A audición activa e a análise dos elementos percibidos desenvolve as capacidades de atención, concentración, memoria e orde.

**5º Competencia en ciencias sociais e cívicas (CCSC):** por unha parte contribuiremos ao benestar persoal tanto físico como mental nunha dobre dimensión: individual e colectiva. Por outra, mediante o folclore e as manifestacións musicais doutras épocas, coñecemos distintas sociedades e culturas, así como o contexto actual de crecente globalización. Contribuiremos a adquisición de comportamentos individuais que capacitan para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, dinámica, cambiante e complexa.

**6º Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** a través da interpretación e a creación musical, favorecemos a capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións; tan importantes para a resolución de problemas. Fomenta a predisposición para actuar dunha forma creadora, imaxinativa, creativa, con sentido crítico e de responsabilidade.

**7º Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC):** ofrecendo o coñecemento de distintos códigos artísticos e a utilización das técnicas que lle son propias, axudando ao alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que lle rodea, ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais, o interese por participar na vida cultural da sociedade e ampliar as súas posibilidades de ocio. Fomentaremos a capacidade de apreciar, comprender e valorar diferentes manifestacións culturais e musicais da nosa cultura e doutras; considerandoas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos e contribuindo á súa conservación.

**5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un.**

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	TERCEIRO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ d</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.</li> <li>▪ B1.2. Asistencia a algunha representación musical.</li> <li>▪ B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.</li> <li>▪ B1.4. Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.</li> <li>▪ B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.</li> </ul>	Expresa de forma guiada as súas apreciacións persoais sobre feitos concretos artístico musical.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.</li> </ul>	Manifesta con certa frecuencia as sensacións que lle provoca a audición dunha peza musical.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.3. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.</li> </ul>	Recoñece manifestacións artísticas propias de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	TERCEIRO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
▪ j	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.</li> <li>▪ B1.7. Acento e pulso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.</li> </ul>	Identifica e compara elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
▪ j	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Elementos musicais. Tempo e matices: forte, piano e mezzoforte.</li> <li>▪ B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío e coro).</li> <li>▪ B1.10. Compases binarios e ternarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica e compara tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica e compara variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
▪ j	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Representa o que escoita nun musicograma ou nunha partitura sinxela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica as partes dunha peza musical sinxela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos máis básicos da música escoitada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL					

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	TERCEIRO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de graffas.</li> <li>▪ B2.2. Fruta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.</li> <li>▪ B2.3. Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.</li> <li>▪ B2.4. Rexistro da música creada na aula mediante gravacións para a súa escoita posterior e a súa valoración.</li> <li>▪ B2.5. Dobre barra e DC.</li> <li>▪ B2.6. Ditados rítmicos con graffas de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios.</li> <li>▪ B2.7. Ditados melódicos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Utiliza con certa corrección a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.</li> </ul>	Identifica con linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos sen acompañamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.4. Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Selecciona unha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados, para crear unha peza musical sinxela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	TERCEIRO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
	musicais dadas. ▪ B2.9. Creación guiada de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.	dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.	serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.  ▪ EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.		
▪ j ▪ d	▪ B2.10. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito. ▪ B2.11. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. ▪ B2.12. Construción dun instrumento.	▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	▪ EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.  ▪ EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.  Constrúe algún instrumento similar a un existente.	▪ CAA ▪ CD ▪ CCEC  ▪ CCEC ▪ CAA
<b>BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA</b>					
▪ j	▪ B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal. ▪ B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.	▪ B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	▪ EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.  ▪ EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.  Reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	▪ CCEC ▪ CAA  ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CMCCT

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	TERCEIRO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ d</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.</li> <li>▪ B3.4. Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.</li> </ul>	Controla a postura e ten certa coordinación coa música cando interpreta danzas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.2.2. Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.</li> </ul>		



## 6. Metodoloxía didáctica

Preténdese que as distintas estratexias didácticas se amolden á natureza concreta do grupo para obter o maior rendemento posible no proceso de aprendizaxe do alumnado.

### Principios metodolóxicos xerais:

- Aprendizaxes significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.
- Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.
- Actividade : O/A alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.
- Motivación : Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.
- Afectividade : Todo isto realizáremolo nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.

O noso **papel**, como **mestres/as**, será o de **guía e mediador/a** para facilitar a construción de aprendizaxes os/as nosos/as alumnos/as.

### Estratexias metodolóxicas

- Utilización da experiencia previa do/a alumno/a como punto de partida da aprendizaxe
- Fomentar nos/as alumnos/as habilidades para a busca de información, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.
- Potenciar no alumnado a utilización das TICs e da biblioteca como recursos de aprendizaxe.
- Elaborar plans de traballo individualizado nos casos nos que as diferenzas individuais o requiran.
- Presentar actividades de reforzo e apoio, así como de ampliación das establecidas como comúns ao grupo.
- Utilizar fichas de traballo e recursos dixitais como complemento do libro de texto.
- Potenciar a lectura como medio para o progreso nas diversas áreas do currículo.
- Estar abertos ao diálogo, a escoitar os seus problemas e non negarlles a axuda solicitada.
- Crear un clima social de clase relaxado e comprensivo, evitando as tensións e disputas entre compañeiros/as.
- Distribuír tarefas e responsabilidades na clase.
- Apoiar a axuda mutua entre compañeiros/as na realización de actividades.
- Rexeitar todo tipo de discriminación: raza, sexo, condición social ...
- Favorecer a liberdade de expresión e a espontaneidade.
- Favorecer o traballo autónomo e utilizar situacións e estratexias de autoaprendizaxe.
- Levar a cabo unha avaliación continua para coñecer en cada momento a situación de partida de cada alumno/a á hora de introducir novos coñecementos.

## **Metodoloxía específica da área de Educación Musical**

A metodoloxía para traballar máis especificamente os contidos musicais terá un enfoque activo, onde o alumnado sexa o protagonista dos procesos e resultados das aprendizaxes. Utilizaranse enfoques metodolóxicos procedentes das metodoloxías dos grandes pedagogos musicais do s. XX:

- Audición activa acompañada de movemento, recursos gráficos ou partituras para o seu seguemento e análise.
- Musicogramas procedentes da metodoloxía de Jos Wuytack.
- Interpretación de pezas musicas, improvisacións, creacións e sonorizacións con instrumentos da aula, instrumentos de placas Orff, frauta doce, obxectos da vida cotiá e instrumentos de construción propia; así como os naturais do propio corpo.
- Improvisacións rítmicas e melódicas do tipo pregunta-resposta.
- Dictados rítmicos e melódicos sinxelos.
- Sílabas rítmicas como apoio oral para o desenvolvemento do ritmo propostas por Kodaly así como a visión do folclore como raíz cultural e como realidade musical máis próxima ao neno.
- A relaxación durante a actividade musical baseada no método Martenot.
- Enfoque lúdico a través de xogos motores, bailes-xogos e xogos musicados.
- A imitación como recursos para a aprendizaxe de cancións, pezas musicais e danzas.
- Uso das novas tecnoloxías para traballar os distintos contidos: audicións, interpretación musical, gravación de pezas musicais e danzas, creacións, sonorizacións; ao igual que na búsqueda, selección e intercambio de información.

### **Secuenciación habitual do traballo na aula.**

As actividades que propostas estarán destinadas á consecución dos contidos anteriormente citados, ao logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave. Podemos dividilas nos seguintes grupos:

- Actividades de introducción-motivación: crean interese nos alumnos cara a realidade que van aprender.

- Actividades de coñecementos previos: co fin de indagar nas ideas, opinións, acertos ou erros conceptuais dos alumnos e alumnas sobre os contidos a desenvolver.
- Actividades de desenvolvemento: deben cuestionar os coñecementos previos ou ampliar estes se son adecuados. Permiten traballar os conceptos, procedementos o as novas actitudes.
- Actividades de sínteses-resumo: son as que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
- Actividades de consolidación: onde se contrastan as ideas novas coas previas do alumnado e de aplicación das novas aprendizaxes.
- Actividades de ampliación: son aquelas que permiten continuar na contrución de coñecementos. Poden utilizarse como consolidación ou como profundización.
- Actividades de reforzo: programanse para os alumnos e alumnas que non acadaron os coñecementos sobre os contidos básicos, esenciais e prioritarios da Unidade Didáctica en cuestión.
- Actividades de avaliación: integradas no proceso de ensino e aprendizaxe e na actividade ordinaria da aula, con intención de mellora.

As Unidades Didácticas non inclúen necesariamente actividades de todos os tipos, senón que elixiremos as máis adecuadas para cada unha delas.

O conxunto de medidas a ter conta para crear contornas escolares saudables e seguras dentro do contexto da covid 19 deste curso 2021/2022 son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais. Por este motivo a metodoloxía poderá sufrir cambios cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiran.

No caso dun posible ensino non presencial en educación primaria, o alumando de 5º e 6º traballará coa plataforma E-dixgal, alumnado de 3º e 4º o fará a través da aula virtual e o de 1º e 2º a través dos blog de nivel. Todo o alumnado de 3º a 6º ten conta de correo electrónico @ceipsanmarcos.es, coa que se farán as comunicación co alumnado nesta situación. O alumnado de educación infantil seguirá as clases en caso de situación de docencia non presencial a través do blog do ciclo “Supercoidadores do planeta”.

## **7. Materiais e recursos didácticos.**

Calquera material que, nun contexto educativo determinado, utilizemos cunha finalidade didáctica ou para facilitar o desenvolvemento das actividades formativas:

- Material funxible: lápices, gomas, folios, lápices de cores, rotuladores, materiais de refugallo, materias naturais.
- Material impreso: libro Melodía 3 (Galinova Editorial), láminas, fotos, contos, carteis, fichas de elaboradas polo profesorado.
- Material audiovisual e informático (TIC): proxector, pizarra dixital, ordenador portátil con reproductor de CD e DVD, páxinas web, blog da materia de música e da titoría, altofalantes, ultraportátiles, cámara de fotos e video, gravadora de sons, software de contidos musicais, procesador de texto, aplicacións informáticas, dispositivos electrónicos, bancos de sons e imaxes, etc.
- Material lúdico: robots didácticos e taboleiros para o seu uso, xogos musicais, bingos sonoros.
- Material musical:
  - Instrumentos de percusión: claves, caixas chinesas, güiro, maracas, triángulos, ferreñas, axoueres, crótalos, pratos, pandeiros, pandeiretas, tambores, bongoes, bombos, campaiñas, charrasco,
  - Instrumentos rudimentarios e de construción propia: botella de anís, cunchas, culleres, shakers feitos polo alumnado.
  - Instrumento de láminas: xilófonos, metalófonos e carillóns de diferentes tesituras.
  - Baquetas para todos os instrumentos que as necesiten e atrás.
- Frutas doces (achegadas polo alumnado)

## **8. Avaliación**

### **Procedemento para a avaliación inicial**

Nas primeiras semanas do curso avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado (setembro) para observar o grao de desenvolvementos curricular na área de música.

Para levar a cabo esta avaliación inicial realizaranse: probas escritas, exposicións orais, traballos individuais e en grupo, observación do traballo na aula, participación en debates,...

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos/as que necesitan un maior seguemento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe.
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar.
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguemento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor. **Procedementos de**

### **avaliación**

Os procedementos de avaliación son as accións e actividades realizadas polos participantes e polos mestres co propósito de facer efectiva a avaliación das aprendizaxes.

Así os procedementos que utilizaremos serán:

- A observación sistemática: permitindo recoller información individual ou grupal. O alumno non percibe que esta sendo avaliado, isto facilita que se manifeste de forma espontánea e natural.
- Intercambios orais co alumnado: analizando os resultados dunha produción oral levada a cabo polos alumnos.
- Análise das producións de carácter práctico elaboradas polos alumnos: básase na análise do resultado dun produto levado a cabo polos alumnos despois dun período de tempo determinado.

### **Instrumentos.**

Os instrumentos de avaliación son os materiais didácticos destinado á recollida da información. Para garantir unha calidade no proceso de avaliación deberán ser fiables e obxectivos. Os utilizados son:

- Ficha de observación: baseada en guías de observación que facilitan o rexistro dos datos e permiten conservalos con fins avaliativos.
- Diario de clase: permiten recoller a información máis significativa obtida do seguemento do proceso de aprendizaxe como a evolución dos alumnos, as dificultades e logros. Servirá para a reflexión sobre o propio quefacer educativo, para correxir erros e para rexistrar datos obtidos na avaliación inicial continua e final.

- Rúbricas: utilizando rúbricas con identificación dos descritores para cada nivel de desempeño e os mínimos esixibles para a cualificación positiva e unha rúbrica para avaliar o perfil de competencias na área de música ao final do curso

- Portafolio: é a colección de documentos de traballo do alumno que utilizarei para evidenciar as habilidades, esforzos, progresos e logros do alumnado. Servirá tamén como ferramenta de autoavaliación e como coavaliación.

- Investigación de campo: avaliando a búsqueda, selección e organización da información sobre o tema proposto desde un contexto natural e real mediante técnicas de recolección de datos como enquisas ou entrevistas.

### **Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente será continua ao longo do curso académico.

Algúns dos indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán:

1. Análise dos resultados obtidos nas avaliacións.
2. O grao mínimo de adquisición dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.
3. O grao de interese e motivación do alumnado cara a materia.
4. O clima de convivencia observado na aula
5. O grao de adquisición da autonomía do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### **Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.**

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e mesmo da programación será continua ao longo do curso académico, pero de xeito explícito levarase a cabo durante o proceso. Algúns indicadores para a avaliación da nosa práctica docente serán:

1. O desenvolvemento da Programación Didáctica no seu conxunto.
2. O axuste entre a secuencialización das unidades.
3. O axeitado da metodoloxía empregada.
4. Os resultados obtidos.
5. O interese amosado polo alumnado na materia.
6. A suficiencia e o axeitado dos recursos materiais empregados e dos exercicios prácticos realizados.
7. O axeitado dos contidos traballados ao nivel do alumnado.
8. O carácter das relacións entre profesores e alumnado, así como as relacións inter pares.
9. A regularidade e a calidade da relación cos pais e nais ou cos tutores legais.
10. Claridade nos criterios da avaliación
11. Adecuación das tarefas.

## **9. Atención á diversidade.**

A atención educativa pretende o éxito escolar de todo o alumnado mediante os principios de calidade, equidade, flexibilidade, normalización e inclusión, entre outros; adecuando a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, grazas ao esforzo compartido de toda a comunidade educativa, achegando os medios e recursos necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, o desenvolvemento das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

## **10. Actividades complementarias e extraescolares.**

Recollidas na Programación Xeral Anual. Estarase aberto ao longo do curso a calquera actividade que poida xurdir e resulte de interese para o alumnado.

## **11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

A revisión, avaliación e modificación desta programación didáctica será trimestral. Para levar a cabo ditos procesos teranse en conta os indicadores de logro para a avaliación da programación recollidos nesta programación así como as conclusións das reunións do equipo de nivel.

**CEIP SAN MARCOS  
ABEGONDO  
PROGRAMACIÓN 4º CURSO  
CURSO 2021-2022**



**Materia:** Educación Musical



## ÍNDICE

1. Normativa	2
2. Introducción e contextualización	2
3. Obxectivos	4
Obxectivos xerais de EDUCACIÓN PRIMARIA	4
Concreción dos obxectivos para a materia de Educación Musical	5
4. Contribucións da Educación Musical ás competencias clave	6
5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un	7
6. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave	13
7. Materiais e recursos didácticos	14
8. Avaliación	17
9. Atención á diversidade	20
10. Actividades complementarias e extraescolares	20
11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	20

## 1. Normativa

- **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro (LOMCE) para a mellora da calidade educativa, que modifica en distintos aspectos a **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (LOE).
- **DECRETO 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09.09.14)
- **Orde do 9 de xuño do 2016** pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación primaria na comunidade autónoma de Galicia
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**
- **Protocolo** de adaptación ao contexto da covid 9 nos **centros de ensino non Universitario de Galicia** para o curso **2020-2021**

## 2. Introducción e contextualización.

### Introdución

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación. É de grande relevancia achegar ao alumnado á interpretación e análise crítica destas manifestacións, para facelo consciente de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de seren reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador. Permitirá o disfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as aportacións que se foron engadindo ao mesmo. Non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se contemple a presenza da arte en todas as súas posibilidades.

A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización, entre outras; e todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os encontros musicais cos que o alumno entra en contacto, así como a consecución do desenvolvemento pleno da súa personalidade.

Xunto coa dimensión reflexiva darémoslle importancia tamén á produción de obras musicais por parte do alumnado, tendo como obxectivo que o alumnado sexa o protagonista final dos

produtos da aprendizaxe. Este proceso debe desenvolver as súas facetas artísticas para servir como medio de expresión de ideas, pensamentos e sentimentos polo que debemos entender, coñecer e investigar desde idades temperás os fundamentos de dita linguaxe. Ao igual que ocorre con outras linguaxe, o ser humano utiliza a linguaxe musical para comunicarse co resto de seres humanos.

Os alumnos e alumnas son persoas do século XXI e non poden estar alonxados do coñecemento das tecnoloxías propias deste século; así pois, tamén vai a aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as TIC ofrecen para o desenvolvemento das capacidades artísticas do alumando.

Esta asignatura impártese en galego segundo a decisión do centro educativo, garantindo que as materias en galego e castelán se ditribúan na mesma porcentaxe, e de acordo co decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

### **Contextualización:**

O Concello de Abegondo, terra entre ríos Mero, Barcés e Gobia, está enmarcado dentro da comarca natural de As Mariñas dos Frades. Ten unha extensión de 83,81km<sup>2</sup>, nas que agrupa 19 parroquias, cunha poboación de 5.467 habitantes. A actividade da poboación variou nos últimos anos debido ás actividades que esta desenvolve dentro e fóra do concello, xunto coa chegada de poboación doutros concellos próximos.

O CEIP Plurilingüe San Marcos, que ten un total de 5 unidades de Educación Infantil (en diante EI) e 12 unidades de Educación Primaria (en diante EP), conta cun total de 306 alumnos e alumnas (87 en EI e 219 en EP) para o curso 2021-2022

O claustro está formado por 30 mestras e mestres, conta este ano cun 50% de profesorado novo.

O Centro con horario de xornada partida (e continua nos meses de setembro e xuño), comedor escolar ao que queda un 98% do total do alumnado.

### **3. Obxectivos**

#### **Obxectivos da Educación Primaria:**

A Educación primaria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan conseguir os seguintes obxectivos:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### **Concreción dos obxectivos para 4º curso.**

1. Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da nosa comunidade.
2. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións e na descodificación do son que reproduce.
3. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
4. Valorar a importancia do silencio como parte da música.
5. Discriminar visual e auditivamente os sons da contorna (a rúa, o bosque, a granxa, a casa, as profesións, do propio corpo...
6. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
7. Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións.
8. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos de pequena percusión: metal, madeira e parche.
9. Clasificar instrumentos por familias: vento, corda e percusión.
10. Ler e interpretar partituras sinxelas con grafías convencionais e non convencionais. 11. Vivenciar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario, ternario e cuaternario. 12. Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.

13. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.
14. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e os seus protagonistas
15. Construír instrumentos musicais con materiais de reciclaxe.
16. Coñecer algúns nomes significativos de profesionais relacionados coa música e a actividade que desenvolven (compositor, director, músicos...).
17. Coñecer a dixitación da fruta: escala de DO sen alteracións.
18. Interpretar un repertorio básico de pezas para fruta, con e sen acompañamento.

#### **4. Contribucións da Educación musical ás competencias clave**

Segundo o Decreto 105/2014, en liña coa Recomendación 2006/962/EC, as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa e a inclusión social. A música contribúe á adquisición das competencias clave:

**1º Competencia en comunicación lingüística (CCL):** ofrece unha modalidade de comunicación diferente, favorecendo o concepto de alfabetizacións múltiples. As cancións e os textos traballados, son un vehículo excelente para a adquisición da dimensión léxica, fonolóxica e ortoépica. Desenvólvese igualmente a través da descrición dos procesos de traballo, de solucións dadas e de valoración de obras artísticas.

**2º Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía (CMCT):** a música incide na utilización de modos de pensamento lóxico e espacial: relacións entre a altura dos sons e organización de escalas, proporcións rítmicas, figuras xeométricas nas danzas, etc. Mediante o coñecemento dos fenómenos acústicos e a construción de instrumentos desenvolvemos o pensamento científico e valores relacionados coa educación ambiental.

**3º Competencia dixital (CD):** os recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe musical espertan no alumnado o interese por aprender e o prepara para incorporarse na sociedade na que vive, cada día máis tecnificada. Aprenderán a manexar distintos formatos de audio (mp3, wav e MIDI), técnicas de tratamento e gravación de sons (gravadora H1, Boss RC 50 loop station, podcast), producións de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Igualmente traballarán a busca, tratamento e intercambio de información referida a ámbitos culturais do entorno ou doutros pobos e culturas. Tomarán conciencia da necesidade de respectar os principios éticos no uso das TIC e os seus riscos.

**4º Competencia para aprender a aprender (CAA):** levar a cabo actividades de interpretación, creación e improvisación, tanto individuais como en grupo, axuda a coñecer as súas propias capacidades, potencialidades e carencias, así como a ter un sentimento positivo cara a propia capacidade para aprender desenvolvendo a autoconfianza. A audición activa e a análise dos elementos percibidos desenvolve as capacidades de atención, concentración, memoria e orde.

**5º Competencia en ciencias sociais e cívicas (CCSC):** por unha parte contribuiremos ao benestar persoal tanto físico como mental nunha dobre dimensión: individual e colectiva. Por outra, mediante o folclore e as manifestacións musicais doutras épocas, coñecemos distintas sociedades e culturas, así como o contexto actual de crecente globalización. Contribuiremos a adquisición de comportamentos individuais que capacitan para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, dinámica, cambiante e complexa.

**6º Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** a través da interpretación e a creación musical, favorecemos a capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións; tan importantes para a resolución de problemas. Fomenta a predisposición para actuar dunha forma creadora, imaxinativa, creativa, con sentido crítico e de responsabilidade.

**7º Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC):** ofrecendo o coñecemento de distintos códigos artísticos e a utilización das técnicas que lle son propias, axudando ao alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que lle rodea, ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais, o interese por participar na vida cultura da sociedade e ampliar as súas posibilidades de ocio. Fomentaremos a capacidade de apreciar, comprender e valorar diferentes manifestacións culturais e musicais da nosa cultura e doutras; considerandoas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos e contribuíndo á súa conservación.

**5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un**

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	CUARTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C.clave
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ d</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.</li> <li>▪ B1.2. Asistencia a representacións musicais e comentario posterior.</li> <li>▪ B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.</li> <li>▪ B1.4. Audición e análise de obras musicais de distintas características e procedencias.</li> <li>▪ B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.</li> </ul>	Expresa de forma guiada as súas apreciacións persoais sobre feitos concretos artístico musical.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.</li> </ul>	Manifesta con certa frecuencia as sensacións que lle provoca a audición dunha peza musical.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.3. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.4. Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.</li> </ul>	Recoñece manifestacións artísticas propias de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>



ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	CUARTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C.clave
▪ j	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.</li> <li>▪ B1.7. Acento e pulso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.</li> </ul>	Identifica e compara elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
▪ j	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).</li> <li>a.</li> <li>b.</li> <li>c.</li> <li>▪ B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e instrumentais (dúo, trío, cuarteto, orquestra e banda).</li> <li>▪ B1.10. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.</li> </ul>	Identifica e compara tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.</li> </ul>	Identifica e compara variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.</li> </ul>	Identifica os compases traballados	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ d</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Instrumentos: clasificación tradicional (vento, vento-madeira, vento-metal, corda percutida, fricciónada e punteada, e percusión</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.</li> </ul>	Identifica de xeito visual os instrumentos	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.</li> </ul>	Identifica os instrumentos coas distintas familias: vento, corda e percusión	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	CUARTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C.clave
	<p>determinada e indeterminada).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>B1.12. Instrumentos da orquestra: achegamento á súa colocación.</li> <li>B1.13. Instrumentos da cultura galega e doutras culturas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.4.3. Procura información, organiza e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.</li> </ul>	<p>Procura información sobre a música e os instrumentos doutras culturas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.14. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.</li> <li>B1.15. Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a produción musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.</li> </ul>	<p>Representa o qe escoita nun musicograma ou nunha partitura sinxela.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura.</li> </ul>	<p>Identifica as partes dunha peza musical sinxela.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.3. Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.</li> </ul>	<p>Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos máis básicos da música escoitada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.4. Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CD</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.</li> </ul>	<p>Utiliza con certa corrección a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	CUARTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C.clave
	<p>unísono, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dicitación da escala de do sen alteracións.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.</li> <li>▪ B2.3. Rexistro gravado da interpretación feita e posterior análise e comentario.</li> <li>▪ B2.4. Coordinación e sincronización individual e colectiva na interpretación: simultaneidade, sucesión e alternancia.</li> <li>▪ B2.5. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea e os seus silencios en compases binarios e ternarios.</li> <li>▪ B2.6. Ditados melódico-rítmicos sinxelos.</li> </ul>	<p>instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.</li> </ul>	<p>Identifica con linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos sen acompañamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.4. Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.</li> <li>▪ B2.8. Creación de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados.</li> </ul>	<p>Selecciona unha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados, para crear unha peza musical sinxela.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	CUARTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C.clave
	pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.	dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio, individual ou grupal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.2. Aмосa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.9. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.</li> <li>B2.10. Sonorización de imaxes, vídeos ou representacións dramáticas usando distintos materiais instrumentos e dispositivos electrónicos.</li> <li>B2.11. Invención e construción dun instrumento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.</li> </ul>	Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.</li> </ul>	Constrúe algún instrumento similar a un existente.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.</li> <li>B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.</li> </ul>	Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.</li> </ul>	Reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Reprodución de xogos motores e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Interpretar un repertorio básico de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando</li> </ul>	Controla a postura e ten certa coordinación coa música cando interpreta danzas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	CUARTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C.clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ o</li> </ul>	secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.	danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	interpreta danzas.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.2.2. Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.</li> </ul>	Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

## 6. Metodoloxía didáctica

Preténdese que as distintas estratexias didácticas se amolden á natureza concreta do grupo para obter o maior rendemento posible no proceso de aprendizaxe do alumnado.

### Principios metodolóxicos xerais:

- Aprendizaxes significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.
- Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.
- Actividade : O/A alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.
- Motivación : Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.
- Afectividade : Todo isto realizáremolo nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.

O noso **papel**, como **mestres/as**, será o de **guía e mediador/a** para facilitar a construción de aprendizaxes os/as nosos/as alumnos/as.

### Estratexias metodolóxicas

- Utilización da experiencia previa do/a alumno/a como punto de partida da aprendizaxe
- Fomentar nos/as alumnos/as habilidades para a busca de información, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.
- Potenciar no alumnado a utilización das TICs e da biblioteca como recursos de aprendizaxe.
- Elaborar plans de traballo individualizado nos casos nos que as diferenzas individuais o requiran.
- Presentar actividades de reforzo e apoio, así como de ampliación das establecidas como comúns ao grupo.
- Utilizar fichas de traballo e recursos dixitais como complemento do libro de texto.
- Potenciar a lectura como medio para o progreso nas diversas áreas do currículo.
- Estar abertos ao diálogo, a escoitar os seus problemas e non negarlles a axuda solicitada.
- Crear un clima social de clase relaxado e comprensivo, evitando as tensións e disputas entre compañeiros/as.
- Distribuír tarefas e responsabilidades na clase.
- Apoiar a axuda mutua entre compañeiros/as na realización de actividades.
- Rexeitar todo tipo de discriminación: raza, sexo, condición social ...
- Favorecer a liberdade de expresión e a espontaneidade.
- Favorecer o traballo autónomo e utilizar situacións e estratexias de autoaprendizaxe.
- Levar a cabo unha avaliación continua para coñecer en cada momento a situación de partida de cada alumno/a á hora de introducir novos coñecementos.

## **Metodoloxía específica da área de Educación Musical**

A metodoloxía para traballar máis especificamente os contidos musicais terá un enfoque activo, onde o alumnado sexa o protagonista dos procesos e resultados das aprendizaxes. Utilizaranse enfoques metodolóxicos procedentes das metodoloxías dos grandes pedagogos musicais do s. XX:

- Audición activa acompañada de movemento, recursos gráficos ou partituras para o seu seguemento e análise.
- Musicogramas procedentes da metodoloxía de Jos Wuytack.
- Interpretación de pezas musicas, improvisacións, creacións e sonorizacións con instrumentos da aula, instrumentos de placas Orff, frauta doce, obxectos da vida cotiá e instrumentos de construción propia; así como os naturais do propio corpo.
- Improvisacións rítmicas e melódicas do tipo pregunta-resposta.
- Dictados rítmicos e melódicos sinxelos.
- Sílabas rítmicas como apoio oral para o desenvolvemento do ritmo propostas por Kodaly así como a visión do folclore como raíz cultural e como realidade musical máis próxima ao neno.
- A relaxación durante a actividade musical baseada no método Martenot.
- Enfoque lúdico a través de xogos motores, bailes-xogos e xogos musicados.
- A imitación como recursos para a aprendizaxe de cancións, pezas musicais e danzas.
- Uso das novas tecnoloxías para traballar os distintos contidos: audicións, interpretación musical, gravación de pezas musicais e danzas, creacións, sonorizacións; ao igual que na búsqueda, selección e intercambio de información.

### **Secuenciación habitual do traballo na aula.**

As actividades que propostas estarán destinadas á consecución dos contidos anteriormente citados, ao logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave. Podemos dividilas nos seguintes grupos:

- Actividades de introducción-motivación: crean interese nos alumnos cara a realidade que van aprender.

- Actividades de coñecementos previos: co fin de indagar nas ideas, opinións, acertos ou erros conceptuais dos alumnos e alumnas sobre os contidos a desenvolver.
- Actividades de desenvolvemento: deben cuestionar os coñecementos previos ou ampliar estes se son adecuados. Permiten traballar os conceptos, procedementos o as novas actitudes.
- Actividades de sínteses-resumo: son as que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
- Actividades de consolidación: onde se contrastan as ideas novas coas previas do alumnado e de aplicación das novas aprendizaxes.
- Actividades de ampliación: son aquelas que permiten continuar na contrución de coñecementos. Poden utilizarse como consolidación ou como profundización.
- Actividades de reforzo: programanse para os alumnos e alumnas que non acadaron os coñecementos sobre os contidos básicos, esenciais e prioritarios da Unidade Didáctica en cuestión.
- Actividades de avaliación: integradas no proceso de ensino e aprendizaxe e na actividade ordinaria da aula, con intención de mellora.

As Unidades Didácticas non inclúen necesariamente actividades de todos os tipos, senón que elixiremos as máis adecuadas para cada unha delas.

O conxunto de medidas a ter conta para crear contornas escolares saudables e seguras dentro do contexto da covid 19 deste curso 2021/2022 son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais. Por este motivo a metodoloxía poderá sufrir cambios cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiran.

No caso dun posible ensino non presencial en educación primaria, o alumando de 5º e 6º traballará coa plataforma E-dixgal, alumnado de 3º e 4º o fará a través da aula virtual e o de 1º e 2º a través dos blog de nivel. Todo o alumnado de 3º a 6º ten conta de correo electrónico @ceipsanmarcos.es, coa que se farán as comunicación co alumnado nesta situación. O alumnado de educación infantil seguirá as clases en caso de situación de docencia non presencial a través do blog do ciclo “Supercoidadores do planeta”.



## **7. Materiais e recursos didácticos.**

Calquera material que, nun contexto educativo determinado, utilicemos cunha finalidade didáctica ou para facilitar o desenvolvemento das actividades formativas:

- Material funxible: lápices, gomas, folios, lápices de cores, rotuladores, materiais de refugallo, materias naturais.
- Material impreso: libro Melodía 4 (Galinova Editorial), láminas, fotos, contos, carteis, fichas de elaboradas polo profesorado.
- Material audiovisual e informático (TIC): proxector, pizarra dixital, ordenador portátil con reproductor de CD e DVD, páxinas web, blog da materia de música e da titoría, altofalantes, ultraportátiles, cámara de fotos e vídeo, gravadora de sons, software de contidos musicais, procesador de texto, aplicacións informáticas, dispositivos electrónicos, bancos de sons e imaxes, etc.
- Material lúdico: robots didácticos e taboleiros para o seu uso, xogos musicais, bingos sonoros.
- Material musical:
  - Instrumentos de percusión: claves, caixas chinesas, güiro, maracas, triángulos, ferreñas, axouceres, crótalos, pratos, pandeiros, pandeiretas, tambores, bongoes, bombos, campaiñas, charrasco,
  - Instrumentos rudimentarios e de construción propia: botella de anís, cunchas, culleres, shakers feitos polo alumnado.
  - Instrumento de láminas: xilófonos, metalófonos e carillóns de diferentes tesituras.
  - Baquetas para todos os instrumentos que as necesiten e atrás.
- Frutas doces (achegadas polo alumnado)

## **8. Avaliación**

### **Procedemento para a avaliación inicial**

Nas primeiras semanas do curso avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado (setembro) para observar o grao de desenvolvementos curricular na área de música.

Para levar a cabo esta avaliación inicial realizaranse: probas escritas, exposicións orais, traballos individuais e en grupo, observación do traballo na aula, participación en debates,...

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos/as que necesitan un maior seguemento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe.
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar.
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguemento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor. **Procedementos de**

### **avaliación**

Os procedementos de avaliación son as accións e actividades realizadas polos participantes e polos mestres co propósito de facer efectiva a avaliación das aprendizaxes.

Así os procedementos que utilizaremos serán:

- A observación sistemática: permitindo recoller información individual ou grupal. O alumno non percibe que esta sendo avaliado, isto facilita que se manifeste de forma espontánea e natural.
- Intercambios orais co alumnado: analizando os resultados dunha produción oral levada a cabo polos alumnos.
- Análise das producións de carácter práctico elaboradas polos alumnos: básase na análise do resultado dun produto levado a cabo polos alumnos despois dun período de tempo determinado.

### **Instrumentos.**

Os instrumentos de avaliación son os materiais didácticos destinado á recollida da información. Para garantir unha calidade no proceso de avaliación deberán ser fiables e obxectivos. Os utilizados son:

- Ficha de observación: baseada en guías de observación que facilitan o rexistro dos datos e permiten conservalos con fins avaliativos.
- Diario de clase: permiten recoller a información máis significativa obtida do seguemento do proceso de aprendizaxe como a evolución dos alumnos, as dificultades e logros. Servirá para a reflexión sobre o propio quefacer educativo, para correxir erros e para rexistrar datos obtidos na avaliación inicial continua e final.

- Rúbricas: utilizando rúbricas con identificación dos descritores para cada nivel de desempeño e os mínimos esixibles para a cualificación positiva e unha rúbrica para avaliar o perfil de competencias na área de música ao final do curso

- Portafolio: é a colección de documentos de traballo do alumno que utilizarei para evidenciar as habilidades, esforzos, progresos e logros do alumnado. Servirá tamén como ferramenta de autoavaliación e como coavaliación.

- Investigación de campo: avaliando a búsqueda, selección e organización da información sobre o tema proposto desde un contexto natural e real mediante técnicas de recolección de datos como enquisas ou entrevistas.

### **Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente será continua ao longo do curso académico. Algúns dos indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán:

1. Análise dos resultados obtidos nas avaliacións.
2. O grao mínimo de adquisición dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.
3. O grao de interese e motivación do alumnado cara a materia.
4. O clima de convivencia observado na aula
5. O grao de adquisición da autonomía do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### **Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.**

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e mesmo da programación será continua ao longo do curso académico, pero de xeito explícito levarase a cabo durante o proceso. Algúns indicadores para a avaliación da nosa práctica docente serán:

1. O desenvolvemento da Programación Didáctica no seu conxunto.
2. O axuste entre a secuencialización das unidades.
3. O axeitado da metodoloxía empregada.
4. Os resultados obtidos.
5. O interese amosado polo alumnado na materia.
6. A suficiencia e o axeitado dos recursos materiais empregados e dos exercicios prácticos realizados.
7. O axeitado dos contidos traballados ao nivel do alumnado.
8. O carácter das relacións entre profesores e alumnado, así como as relacións inter pares.
9. A regularidade e a calidade da relación cos pais e nais ou cos tutores legais.
10. Claridade nos criterios da avaliación
11. Adecuación das tarefas.

## **9. Atención á diversidade.**

A atención educativa pretende o éxito escolar de todo o alumnado mediante os principios de calidade, equidade, flexibilidade, normalización e inclusión, entre outros; adecuando a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, grazas ao esforzo compartido de toda a comunidade educativa, achegando os medios e recursos necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, o desenvolvemento das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

## **10. Actividades complementarias e extraescolares.**

Recollidas na Programación Xeral Anual. Estarase aberto ao longo do curso a calquera actividade que poida xurdir e resulte de interese para o alumnado.

## **11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

A revisión, avaliación e modificación desta programación didáctica será trimestral. Para levar a cabo ditos procesos teranse en conta os indicadores de logro para a avaliación da programación recollidos nesta programación así como as conclusións das reunións do equipo de nivel.

**CEIP SAN MARCOS  
ABEGONDO  
PROGRAMACIÓN 5º CURSO  
CURSO 2021-2022**



**Materia:** Educación Musical

## ÍNDICE

1. Normativa	2
2. Introducción e contextualización	2
3. Obxectivos	4
Obxectivos xerais de EDUCACIÓN PRIMARIA	4
Concreción dos obxectivos para a materia de Educación Musical	5
4. Contribucións da Educación Musical ás competencias clave	6
5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un	7
6. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave	15
7. Materiais e recursos didácticos	17
8. Avaliación	18
9. Atención á diversidade	21
10. Actividades complementarias e extraescolares	21
11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	21

## 1. Normativa

- **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro (LOMCE) para a mellora da calidade educativa, que modifica en distintos aspectos a **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (LOE).
- **DECRETO 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09.09.14)
- **Orde do 9 de xuño do 2016** pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación primaria na comunidade autónoma de Galicia
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**
- **Protocolo** de adaptación ao contexto da covid 9 nos **centros de ensino non Universitario de Galicia** para o curso **2020-2021**

## 2. Introducción e contextualización.

### Introdución

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación. É de grande relevancia achegar ao alumnado á interpretación e análise crítica destas manifestacións, para facelo consciente de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de seren reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador. Permitirá o disfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as aportacións que se foron engadindo ao mesmo. Non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se contemple a presenza da arte en todas as súas posibilidades.

A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización, entre outras; e todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os encontros musicais cos que o alumno entra en contacto, así como a consecución do desenvolvemento pleno da súa personalidade.

Xunto coa dimensión reflexiva darémoslle importancia tamén á produción de obras musicais por parte do alumnado, tendo como obxectivo que o alumnado sexa o protagonista final dos

produtos da aprendizaxe. Este proceso debe desenvolver as súas facetas artísticas para servir como medio de expresión de ideas, pensamentos e sentimentos polo que debemos entender, coñecer e investigar desde idades temperás os fundamentos de dita linguaxe. Ao igual que ocorre con outras linguaxe, o ser humano utiliza a linguaxe musical para comunicarse co resto de seres humanos.

Os alumnos e alumnas son persoas do século XXI e non poden estar alonxados do coñecemento das tecnoloxías propias deste século; así pois, tamén vai a aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as TIC ofrecen para o desenvolvemento das capacidades artísticas do alumando.

Esta asignatura impártese en galego segundo a decisión do centro educativo, garantindo que as materias en galego e castelán se ditribúan na mesma porcentaxe, e de acordo co decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

### **Contextualización:**

O Concello de Abegondo, terra entre ríos Mero, Barcés e Gobia, está enmarcado dentro da comarca natural de As Mariñas dos Frades. Ten unha extensión de 83,81km<sup>2</sup>, nas que agrupa 19 parroquias, cunha poboación de 5.467 habitantes. A actividade da poboación variou nos últimos anos debido ás actividades que esta desenvolve dentro e fóra do concello, xunto coa chegada de poboación doutros concellos próximos.

O CEIP Plurilingüe San Marcos, que ten un total de 5 unidades de Educación Infantil (en diante EI) e 12 unidades de Educación Primaria (en diante EP), conta cun total de 306 alumnos e alumnas (87 en EI e 219 en EP) para o curso 2021-2022

O claustro está formado por 30 mestras e mestres, conta este ano cun 50% de profesorado novo.

O Centro con horario de xornada partida (e continua nos meses de setembro e xuño), comedor escolar ao que queda un 98% do total do alumnado.



### **3. Obxectivos**

#### **Obxectivos da Educación Primaria:**

A Educación primaria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan conseguir os seguintes obxectivos:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### **Concreción dos obxectivos para 5º cursos.**

1. Discriminar auditivamente os sons da súa contorna máis próxima diferenciando entre son, silencio e ruído.
2. Discriminar auditivamente os sons da contorna (a rúa, o bosque, a granxa, a casa e as profesións) e do propio corpo.
3. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
4. Valorar a importancia do silencio como parte da música.
5. Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da súa contorna.
6. Exercitar mellor o oído a partir da audición activa de obras musicais descritivas.
7. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións.
8. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
9. Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións: estrofa e refrán, e ostinato rítmico.
10. Interpretar sons con percusión corporal empregando a técnica de Kodaly para distinguir

a duración.

11. Identificar os instrumentos de pequena percusión e a súa agrupación por familias: metal, madeira e parche.
12. Coñecer e decodificar as grafías convencionais (negra, corchea, silencio de negra) e non convencionais.
13. Ler partituras sinxelas con grafías non convencionais.
14. Vivenciar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario.
15. Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.
16. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.
17. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e os seus protagonistas
18. Construír instrumentos musicais con materiais de reciclaxe.

#### **4. Contribucións da Educación musical ás competencias clave**

Segundo o Decreto 105/2014, en liña coa Recomendación 2006/962/EC, as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa e a inclusión social. A música contribúe á adquisición das competencias clave:

**1º Competencia en comunicación lingüística (CCL):** ofrece unha modalidade de comunicación diferente, favorecendo o concepto de alfabetizacións múltiples. As cancións e os textos traballados, son un vehículo excelente para a adquisición da dimensión léxica, fonolóxica e ortoépica. Desenvólvese igualmente a través da descrición dos procesos de traballo, de solucións dadas e de valoración de obras artísticas.

**2º Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía (CMCT):** a música incide na utilización de modos de pensamento lóxico e espacial: relacións entre a altura dos sons e organización de escalas, proporcións rítmicas, figuras xeométricas nas danzas, etc. Mediante o coñecemento dos fenómenos acústicos e a construción de instrumentos desenvolvemos o pensamento científico e valores relacionados coa educación ambiental.

**3º Competencia dixital (CD):** os recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe musical espertan no alumnado o interese por aprender e o prepara para incorporarse na sociedade na que vive, cada día máis tecnificada. Aprenderán a manexar distintos formatos de audio (mp3, wav e MIDI), técnicas de tratamento e gravación de sons (gravadora H1, Boss RC 50 loop station, podcast), producións de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Igualmente traballarán a busca, tratamento e intercambio de información referida a ámbitos culturais

do entorno ou doutros pobos e culturas. Tomarán conciencia da necesidade de respectar os principios éticos no uso das TIC e os seus riscos.

**4º Competencia para aprender a aprender (CAA):** levar a cabo actividades de interpretación, creación e improvisación, tanto individuais como en grupo, axuda a coñecer as súas propias capacidades, potencialidades e carencias, así como a ter un sentimento positivo cara a propia capacidade para aprender desenvolvendo a autoconfianza. A audición activa e a análise dos elementos percibidos desenvolve as capacidades de atención, concentración, memoria e orde.

**5º Competencia en ciencias sociais e cívicas (CCSC):** por unha parte contribuiremos ao benestar persoal tanto físico como mental nunha dobre dimensión: individual e colectiva. Por outra, mediante o folclore e as manifestacións musicais doutras épocas, coñecemos distintas sociedades e culturas, así como o contexto actual de crecente globalización. Contribuiremos a adquisición de comportamentos individuais que capacitan para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, dinámica, cambiante e complexa.

**6º Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** a través da interpretación e a creación musical, favorecemos a capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións; tan importantes para a resolución de problemas. Fomenta a predisposición para actuar dunha forma creadora, imaxinativa, creativa, con sentido crítico e de responsabilidade.

**7º Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC):** ofrecendo o coñecemento de distintos códigos artísticos e a utilización das técnicas que lle son propias, axudando ao alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que lle rodea, ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais, o interese por participar na vida cultural da sociedade e ampliar as súas posibilidades de ocio. Fomentaremos a capacidade de apreciar, comprender e valorar diferentes manifestacións culturais e musicais da nosa cultura e doutras; considerandoas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos e contribuindo á súa conservación.

**5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un**

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	QUINTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
BLOQUE 1. ESCOITA					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.</li> <li>▪ B1.2. Asistencia a representacións musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.</li> </ul>	Expresa, con axuda, as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.</li> </ul>	Manifesta as sensacións que lle provoca a audición dunha peza musical.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.</li> </ul>	Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</li> </ul>	Coñece, entende e respecta con frecuencia as normas de comportamento en audicións e representacións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.</li> <li>▪ B1.4. Acento e pulso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.</li> </ul>	Coñece e dá información básica sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto con axuda.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.</li> </ul>	Distingue tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	QUINTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
	(fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores). ▪ B1.6. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e corais. ▪ B1.7. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.	fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.	▪ EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	Identifica variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL
			▪ EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	Identifica e completa os compases traballados.	▪ CCEC ▪ CMCCT
			▪ EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.	Identifica e utiliza, con axuda, os elementos da linguaxe musical traballados.	▪ CCEC
▪ j ▪ i	▪ B1.8. Elaboración dun proxecto de difusión da cultura musical.	▪ B1.4. Procurar e seleccionar información co fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos, festas, accións na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información co fin de contribuír á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer.	▪ EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.	Procura e selecciona, de forma, básica a información con axuda.	▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE
			▪ EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.	Realiza o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.	▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
			▪ EMB1.4.3. Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.	Expón a información de maneira básica en varios soportes.	▪ CIEE ▪ CCL ▪ CD
▪ j ▪ d	▪ B1.9. Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción	▪ B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos	▪ EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.	Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos con axuda	▪ CCEC ▪ CAA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	QUINTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
	do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). <ul style="list-style-type: none"> <li>B1.10. Agrupacións instrumentais (orquestra, banda, tuna etc.).</li> <li>B1.11. Instrumentos doutras culturas.</li> </ul>	instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).</li> </ul>	Recoñece os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.5.3. Procura información, organiza e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.</li> </ul>	Procura información e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.12. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.</li> <li>B1.13. Melodías con cambios de compás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.</li> </ul>	Representa o que escoita nun musicograma ou nunha partitura sinxela.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.</li> </ul>	Diferencia as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura con axuda.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.6.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.</li> </ul>	Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos básicos da música escoitada con axuda	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.14. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.</li> </ul>	Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia con axuda.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	QUINTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
	<p>de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>B1.15. Investigación de campo sobre a música do seu concello en relación coa maneira de vivir dos seus devanceiros e das súas devanceirtas.</li> </ul>	<p>manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado.</li> </ul>	<p>Expón a información recollida e achega evidencias básicas do traballo realizado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> </ul>

#### BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.</li> <li>B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.</li> <li>B2.3. Gravación e rexistro da interpretación.</li> <li>B2.4. Ditados rítmicos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.</li> </ul>	<p>Coñece a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras sinxelas</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.</li> </ul>	<p>Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos con axuda.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento</li> </ul>	<p>Interpreta, con pequenas imperfeccións, pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar</li> </ul>	<p>Fai valoración da interpretación amosando certo interese e esforzo por mellorar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>



ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	QUINTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
	<p>con figuras de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios en compases binarios, ternarios e cuaternarios.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Ditados melódico-rítmicos sinxelos.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.6. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.</li> <li>B2.7. Proxecto: concerto ou musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.1. Crea e representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula.</li> </ul>	Crea e representa, de forma básica, mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada en grupos no contexto da aula.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.</li> </ul>	Crea unha peza musical sinxela, con axuda, a partir da selección, dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.</li> </ul>	Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.</li> </ul>	Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura, con algunhas imperfeccións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.8. Recreación musical e sonorización dun texto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Explorar e utilizar as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e</li> </ul>	Emprega, instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos, con	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CD</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	QUINTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
	<p>oral ou escrito.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.9. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.</li> <li>B2.10. Invención e construción dun instrumento.</li> <li>B2.11. Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado.</li> </ul>	<p>posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.</p>	<p>informáticos para crear acompañamentos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.</li> </ul>	<p>axuda, para crear acompañamentos sinxelos.</p> <p>Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente con axuda.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.</li> <li>B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.</li> <li>EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.</li> </ul>	<p>Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.</p> <p>Reproduce pequenas coreografías, con axuda, que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>b</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.</li> </ul>	<p>Controla a postura e a coordinación coa música, con certa frecuencia cando interpreta</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	QUINTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
	movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva. <ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.</li> </ul>	cultura galega e doutras culturas.		danzas.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.</li> </ul>	Identifica danzas de diferentes lugares e culturas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.</li> </ul>	Reproduce con axuda danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. Proxecto: certame de danza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.3.1. Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.</li> </ul>	Reproduce a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.3.2. Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas.</li> </ul>	Colabora, co grupo con certa frecuencia, con respecto cara ás demais persoas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.3.3. Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación.</li> </ul>	Expón con sinxeleza as as informacións recollidas ao longo do proceso de creación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.3.4. Amosa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado.</li> </ul>	Amosa certo interese por mellorar o produto final.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>

## 6. Metodoloxía didáctica

Preténdese que as distintas estratexias didácticas se amolden á natureza concreta do grupo para obter o maior rendemento posible no proceso de aprendizaxe do alumnado.

### Principios metodolóxicos xerais:

- Aprendizaxes significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.
- Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.
- Actividade : O/A alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.
- Motivación : Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.
- Afectividade : Todo isto realizáremolo nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.

O noso **papel**, como **mestres/as**, será o de **guía e mediador/a** para facilitar a construción de aprendizaxes os/as nosos/as alumnos/as.

### Estratexias metodolóxicas

- Utilización da experiencia previa do/a alumno/a como punto de partida da aprendizaxe
- Fomentar nos/as alumnos/as habilidades para a busca de información, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.
- Potenciar no alumnado a utilización das TICs e da biblioteca como recursos de aprendizaxe.
- Elaborar plans de traballo individualizado nos casos nos que as diferenzas individuais o requiran.
- Presentar actividades de reforzo e apoio, así como de ampliación das establecidas como comúns ao grupo.
- Utilizar fichas de traballo e recursos dixitais como complemento do libro de texto.
- Potenciar a lectura como medio para o progreso nas diversas áreas do currículo.
- Estar abertos ao diálogo, a escoitar os seus problemas e non negarlles a axuda solicitada.
- Crear un clima social de clase relaxado e comprensivo, evitando as tensións e disputas entre compañeiros/as.
- Distribuír tarefas e responsabilidades na clase.
- Apoiar a axuda mutua entre compañeiros/as na realización de actividades.
- Rexeitar todo tipo de discriminación: raza, sexo, condición social ...
- Favorecer a liberdade de expresión e a espontaneidade.
- Favorecer o traballo autónomo e utilizar situacións e estratexias de autoaprendizaxe.
- Levar a cabo unha avaliación continua para coñecer en cada momento a situación de partida de cada alumno/a á hora de introducir novos coñecementos.

## **Metodoloxía específica da área de Educación Musical**

A metodoloxía para traballar máis especificamente os contidos musicais terá un enfoque activo, onde o alumnado sexa o protagonista dos procesos e resultados das aprendizaxes. Utilizaranse enfoques metodolóxicos procedentes das metodoloxías dos grandes pedagogos musicais do s. XX:

- Audición activa acompañada de movemento, recursos gráficos ou partituras para o seu seguemento e análise.
- Musicogramas procedentes da metodoloxía de Jos Wuytack.
- Interpretación de pezas musicas, improvisacións, creacións e sonorizacións con instrumentos da aula, instrumentos de placas Orff, frauta doce, obxectos da vida cotiá e instrumentos de construción propia; así como os naturais do propio corpo.
- Improvisacións rítmicas e melódicas do tipo pregunta-resposta.
- Dictados rítmicos e melódicos sinxelos.
- Sílabas rítmicas como apoio oral para o desenvolvemento do ritmo propostas por Kodaly así como a visión do folclore como raíz cultural e como realidade musical máis próxima ao neno.
- A relaxación durante a actividade musical baseada no método Martenot.
- Enfoque lúdico a través de xogos motores, bailes-xogos e xogos musicados.
- A imitación como recursos para a aprendizaxe de cancións, pezas musicais e danzas.
- Uso das novas tecnoloxías para traballar os distintos contidos: audicións, interpretación musical, gravación de pezas musicais e danzas, creacións, sonorizacións; ao igual que na búsqueda, selección e intercambio de información.

### **Secuenciación habitual do traballo na aula.**

As actividades que propostas estarán destinadas á consecución dos contidos anteriormente citados, ao logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave. Podemos dividilas nos seguintes grupos:

- Actividades de introducción-motivación: crean interese nos alumnos cara a realidade que van aprender.

- Actividades de coñecementos previos: co fin de indagar nas ideas, opinións, acertos ou erros conceptuais dos alumnos e alumnas sobre os contidos a desenvolver.
- Actividades de desenvolvemento: deben cuestionar os coñecementos previos ou ampliar estes se son adecuados. Permiten traballar os conceptos, procedementos o as novas actitudes.
- Actividades de sínteses-resumo: son as que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
- Actividades de consolidación: onde se contrastan as ideas novas coas previas do alumnado e de aplicación das novas aprendizaxes.
- Actividades de ampliación: son aquelas que permiten continuar na contrución de coñecementos. Poden utilizarse como consolidación ou como profundización.
- Actividades de reforzo: programanse para os alumnos e alumnas que non acadaron os coñecementos sobre os contidos básicos, esenciais e prioritarios da Unidade Didáctica en cuestión.
- Actividades de avaliación: integradas no proceso de ensino e aprendizaxe e na actividade ordinaria da aula, con intención de mellora.

As Unidades Didácticas non inclúen necesariamente actividades de todos os tipos, senón que elixiremos as máis adecuadas para cada unha delas.

O conxunto de medidas a ter conta para crear contornas escolares saudables e seguras dentro do contexto da covid 19 deste curso 2021/2022 son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais. Por este motivo a metodoloxía poderá sufrir cambios cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiran.

No caso dun posible ensino non presencial en educación primaria, o alumando de 5º e 6º traballará coa plataforma E-dixgal, alumnado de 3º e 4º o fará a través da aula virtual e o de 1º e 2º a través dos blog de nivel. Todo o alumnado de 3º a 6º ten conta de correo electrónico @ceipsanmarcos.es, coa que se farán as comunicación co alumnado nesta situación. O alumnado de educación infantil seguirá as clases en caso de situación de docencia non presencial a través do blog do ciclo “Supercoidadores do planeta”.

## **7. Materiais e recursos didácticos.**

Calquera material que, nun contexto educativo determinado, utilicemos cunha finalidade didáctica ou para facilitar o desenvolvemento das actividades formativas:

- Material funxible: lápices, gomas, folios, lápices de cores, rotuladores, materiais de refugallo, materias naturais.
- Material impreso: libro Melodía 5 (Galinova Editorial), láminas, fotos, contos, carteis, fichas de elaboradas polo profesorado.
- Material audiovisual e informático (TIC): proxector, pizarra dixital, ordenador portátil con reproductor de CD e DVD, páxinas web, blog da materia de música e da titoría, altofalantes, ultraportátiles, cámara de fotos e vídeo, gravadora de sons, software de contidos musicais, procesador de texto, aplicacións informáticas, dispositivos electrónicos, bancos de sons e imaxes, etc.
- Material lúdico: robots didácticos e taboleiros para o seu uso, xogos musicais, bingos sonoros.
- Material musical:
  - Instrumentos de percusión: claves, caixas chinesas, güiro, maracas, triángulos, ferreñas, axoueres, crócalos, pratos, pandeiros, pandeiretas, tambores, bongoes, bombos, campaiñas, charrasco,
  - Instrumentos rudimentarios e de construción propia: botella de anís, cunchas, culleres, shakers feitos polo alumnado.
  - Instrumento de láminas: xilófonos, metalófonos e carillóns de diferentes tesituras.
  - Baquetas para todos os instrumentos que as necesiten e atrás.
- Frutas doces (achegadas polo alumnado)

## **8. Avaliación**

### **Procedemento para a avaliación inicial**

Nas primeiras semanas do curso avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado (setembro) para observar o grao de desenvolvementos curricular na área de música.

Para levar a cabo esta avaliación inicial realizaranse: probas escritas, exposicións orais, traballos individuais e en grupo, observación do traballo na aula, participación en debates,...

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos/as que necesitan un maior seguemento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe.
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar.
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguemento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor. **Procedementos de**

### **avaliación**

Os procedementos de avaliación son as accións e actividades realizadas polos participantes e polos mestres co propósito de facer efectiva a avaliación das aprendizaxes.

Así os procedementos que utilizaremos serán:

- A observación sistemática: permitindo recoller información individual ou grupal. O alumno non percibe que esta sendo avaliado, isto facilita que se manifeste de forma espontánea e natural.
- Intercambios orais co alumnado: analizando os resultados dunha produción oral levada a cabo polos alumnos.
- Análise das producións de carácter práctico elaboradas polos alumnos: baséase na análise do resultado dun produto levado a cabo polos alumnos despois dun período de tempo determinado.

### **Instrumentos.**

Os instrumentos de avaliación son os materiais didácticos destinado á recollida da información. Para garantir unha calidade no proceso de avaliación deberán ser fiables e obxectivos. Os utilizados son:

- Ficha de observación: baseada en guías de observación que facilitan o rexistro dos datos e permiten conservalos con fins avaliativos.
- Diario de clase: permiten recoller a información máis significativa obtida do seguemento do proceso de aprendizaxe como a evolución dos alumnos, as dificultades e logros. Servirá para a reflexión sobre o propio quefacer educativo, para correxir erros e para rexistrar datos obtidos na avaliación inicial continua e final.



- Rúbricas: utilizando rúbricas con identificación dos descritores para cada nivel de desempeño e os mínimos esixibles para a cualificación positiva e unha rúbrica para avaliar o perfil de competencias na área de música ao final do curso

- Portafolio: é a colección de documentos de traballo do alumno que utilizarei para evidenciar as habilidades, esforzos, progresos e logros do alumnado. Servirá tamén como ferramenta de autoavaliación e como coavaliación.

- Investigación de campo: avaliando a búsqueda, selección e organización da información sobre o tema proposto desde un contexto natural e real mediante técnicas de recolección de datos como enquisas ou entrevistas.

### **Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente será continua ao longo do curso académico. Algúns dos indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán:

1. Análise dos resultados obtidos nas avaliacións.
2. O grao mínimo de adquisición dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.
3. O grao de interese e motivación do alumnado cara a materia.
4. O clima de convivencia observado na aula
5. O grao de adquisición da autonomía do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### **Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.**

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e mesmo da programación será continua ao longo do curso académico, pero de xeito explícito levarase a cabo durante o proceso. Algúns indicadores para a avaliación da nosa práctica docente serán:

1. O desenvolvemento da Programación Didáctica no seu conxunto.
2. O axuste entre a secuencialización das unidades.
3. O axeitado da metodoloxía empregada.
4. Os resultados obtidos.
5. O interese amosado polo alumnado na materia.
6. A suficiencia e o axeitado dos recursos materiais empregados e dos exercicios prácticos realizados.
7. O axeitado dos contidos traballados ao nivel do alumnado.
8. O carácter das relacións entre profesores e alumnado, así como as relacións inter pares.
9. A regularidade e a calidade da relación cos pais e nais ou cos tutores legais.
10. Claridade nos criterios da avaliación
11. Adecuación das tarefas.

## **9. Atención á diversidade.**

A atención educativa pretende o éxito escolar de todo o alumnado mediante os principios de calidade, equidade, flexibilidade, normalización e inclusión, entre outros; adecuando a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, grazas ao esforzo compartido de toda a comunidade educativa, achegando os medios e recursos necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, o desenvolvemento das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

## **10. Actividades complementarias e extraescolares.**

Recollidas na Programación Xeral Anual. Estarase aberto ao longo do curso a calquera actividade que poida xurdir e resulte de interese para o alumnado.

## **11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

A revisión, avaliación e modificación desta programación didáctica será trimestral. Para levar a cabo ditos procesos teranse en conta os indicadores de logro para a avaliación da programación recollidos nesta programación así como as conclusións das reunións do equipo de nivel.

**CEIP SAN MARCOS  
ABEGONDO  
PROGRAMACIÓN 6º CURSO  
CURSO 2021-2022**



**Materia:** Educación Musical

## ÍNDICE

1. Normativa	2
2. Introducción e contextualización	2
3. Obxectivos	4
Obxectivos xerais de EDUCACIÓN PRIMARIA	4
Concreción dos obxectivos para a materia de Educación Musical	5
4. Contribucións da Educación Musical ás competencias clave	6
5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un	7
6. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave	15
7. Materiais e recursos didácticos	17
8. Avaliación	17
9. Atención á diversidade	20
10. Actividades complementarias e extraescolares	20
11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	20

## 1. Normativa

- **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro (LOMCE) para a mellora da calidade educativa, que modifica en distintos aspectos a **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (LOE).
- **DECRETO 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09.09.14)
- **Orde do 9 de xuño do 2016** pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación primaria na comunidade autónoma de Galicia
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**
- **Protocolo** de adaptación ao contexto da covid 9 nos **centros de ensino non Universitario de Galicia** para o curso **2020-2021**

## 2. Introducción e contextualización.

### Introdución

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación. É de grande relevancia achegar ao alumnado á interpretación e análise crítica destas manifestacións, para facelo consciente de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de seren reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador. Permitirá o disfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as aportacións que se foron engadindo ao mesmo. Non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se contemple a presenza da arte en todas as súas posibilidades.

A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización, entre outras; e todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os encontros musicais cos que o alumno entra en contacto, así como a consecución do desenvolvemento pleno da súa personalidade.

Xunto coa dimensión reflexiva darémoslle importancia tamén á produción de obras musicais por parte do alumnado, tendo como obxectivo que o alumnado sexa o protagonista final dos

produtos da aprendizaxe. Este proceso debe desenvolver as súas facetas artísticas para servir como medio de expresión de ideas, pensamentos e sentimentos polo que debemos entender, coñecer e investigar desde idades temperás os fundamentos de dita linguaxe. Ao igual que ocorre con outras linguaxe, o ser humano utiliza a linguaxe musical para comunicarse co resto de seres humanos.

Os alumnos e alumnas son persoas do século XXI e non poden estar alonxados do coñecemento das tecnoloxías propias deste século; así pois, tamén vai a aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as TIC ofrecen para o desenvolvemento das capacidades artísticas do alumando.

Esta asignatura impártese en galego segundo a decisión do centro educativo, garantindo que as materias en galego e castelán se ditribúan na mesma porcentaxe, e de acordo co decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

### **Contextualización:**

O Concello de Abegondo, terra entre ríos Mero, Barcés e Gobia, está enmarcado dentro da comarca natural de As Mariñas dos Frades. Ten unha extensión de 83,81km<sup>2</sup>, nas que agrupa 19 parroquias, cunha poboación de 5.467 habitantes. A actividade da poboación variou nos últimos anos debido ás actividades que esta desenvolve dentro e fóra do concello, xunto coa chegada de poboación doutros concellos próximos.

O CEIP Plurilingüe San Marcos, que ten un total de 5 unidades de Educación Infantil (en diante EI) e 12 unidades de Educación Primaria (en diante EP), conta cun total de 306 alumnos e alumnas (87 en EI e 219 en EP) para o curso 2021-2022

O claustro está formado por 30 mestras e mestres, conta este ano cun 50% de profesorado novo.

O Centro con horario de xornada partida (e continua nos meses de setembro e xuño), comedor escolar ao que queda un 98% do total do alumnado.

### **3. Obxectivos**

#### **Obxectivos da Educación Primaria:**

A Educación primaria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan conseguir os seguintes obxectivos:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### **Concreción dos obxectivos para 6º cursos.**

1. Discriminar auditivamente os sons da súa contorna máis próxima diferenciando entre son, silencio e ruído.
2. Discriminar auditivamente os sons da contorna (a rúa, o bosque, a granxa, a casa e as profesións) e do propio corpo.
3. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
4. Valorar a importancia do silencio como parte da música.
5. Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da súa contorna.
6. Exercitar mellor o oído a partir da audición activa de obras musicais descritivas.
7. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións.
8. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
9. Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións: estrofa e refrán, e ostinato rítmico.
10. Interpretar sons con percusión corporal empregando a técnica de Kodaly para distinguir a duración.
11. Identificar os instrumentos de pequena percusión e a súa agrupación por familias: metal, madeira e parche.



12. Coñecer e decodificar as grafías convencionais (negra, corchea, silencio de negra) e non convencionais.
13. Ler partituras sinxelas con grafías non convencionais.
14. Vivenciar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario.
15. Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.
16. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.
17. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e os seus protagonistas
18. Construír instrumentos musicais con materiais de reciclaxe.

#### **4. Contribucións da Educación musical ás competencias clave**

Segundo o Decreto 105/2014, en liña coa Recomendación 2006/962/EC, as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa e a inclusión social. A música contribúe á adquisición das competencias clave:

**1º Competencia en comunicación lingüística (CCL):** ofrece unha modalidade de comunicación diferente, favorecendo o concepto de alfabetizacións múltiples. As cancións e os textos traballados, son un vehículo excelente para a adquisición da dimensión léxica, fonolóxica e ortoépica. Desenvólvese igualmente a través da descrición dos procesos de traballo, de solucións dadas e de valoración de obras artísticas.

**2º Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía (CMCT):** a música incide na utilización de modos de pensamento lóxico e espacial: relacións entre a altura dos sons e organización de escalas, proporcións rítmicas, figuras xeométricas nas danzas, etc. Mediante o coñecemento dos fenómenos acústicos e a construción de instrumentos desenvolvemos o pensamento científico e valores relacionados coa educación ambiental.

**3º Competencia dixital (CD):** os recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe musical espertan no alumnado o interese por aprender e o prepara para incorporarse na sociedade na que vive, cada día máis tecnificada. Aprenderán a manexar distintos formatos de audio (mp3, wav e MIDI), técnicas de tratamento e gravación de sons (gravadora H1, Boss RC 50 loop station, podcast), producións de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Igualmente traballarán a busca, tratamento e intercambio de información referida a ámbitos culturais do entorno ou doutros pobos e culturas. Tomarán conciencia da necesidade de respectar os principios éticos no uso das TIC e os seus riscos.

**4º Competencia para aprender a aprender (CAA):** levar a cabo actividades de interpretación, creación e improvisación, tanto individuais como en grupo, axuda a coñecer as súas propias capacidades, potencialidades e carencias, así como a ter un sentimento positivo cara a propia capacidade para aprender desenvolvendo a autoconfianza. A audición activa e a análise dos elementos percibidos desenvolve as capacidades de atención, concentración, memoria e orde.

**5º Competencia en ciencias sociais e cívicas (CCSC):** por unha parte contribuiremos ao benestar persoal tanto físico como mental nunha dobre dimensión: individual e colectiva. Por outra, mediante o folclore e as manifestacións musicais doutras épocas, coñecemos distintas sociedades e culturas, así como o contexto actual de crecente globalización. Contribuiremos a adquisición de comportamentos individuais que capacitan para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, dinámica, cambiante e complexa.

**6º Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** a través da interpretación e a creación musical, favorecemos a capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións; tan importantes para a resolución de problemas. Fomenta a predisposición para actuar dunha forma creadora, imaxinativa, creativa, con sentido crítico e de responsabilidade.

**7º Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC):** ofrecendo o coñecemento de distintos códigos artísticos e a utilización das técnicas que lle son propias, axudando ao alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que lle rodea, ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais, o interese por participar na vida cultura da sociedade e ampliar as súas posibilidades de ocio. Fomentaremos a capacidade de apreciar, comprender e valorar diferentes manifestacións culturais e musicais da nosa cultura e doutras; considerandoas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos e contribuindo á súa conservación.

**5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un**

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.</li> <li>▪ B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.</li> </ul>	Identifica e clasifica as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario adecuado	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.</li> <li>▪ B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.</li> <li>▪ B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.</li> <li>▪ EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.</li> </ul>	Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
				Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.</li> <li>▪ B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais.</li> <li>▪ B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.</li> </ul>	Comprende o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ e</li> <li>▪ k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas.</li> </ul>	Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d/a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou fruta doce.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.</li> </ul>	Recoñece e clasifica algúns instrumentos acústicos e electrónicos, rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais traballadas	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.</li> <li>▪ B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.</li> <li>▪ B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.</li> <li>▪ B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.</li> <li>▪ B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.</li> <li>▪ B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e</li> </ul>	<p>de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento</li> </ul>	Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.</li> </ul>	Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e comprende a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.</li> </ul>	Amosa respecto polo traballo das demais persoas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.</li> </ul>	Analiza as interpretacións feitas e amosa interese por traballar para corrixilos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
	respectando as achegas das demais persoas do grupo.				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.9. Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.</li> <li>▪ B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.</li> <li>▪ B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios.</li> <li>▪ B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.</li> </ul>	Presenta e expón a información en varios soportes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.</li> </ul>	Utiliza os medios audiovisuais recursos informáticos para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
	poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias.				
<b>BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> <li>▪ h/d</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.</li> <li>▪ B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural.</li> <li>▪ B3.3. Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva.</li> <li>▪ B3.4. Invención de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.</li> </ul>	Controla a postura con certa corrección e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.</li> </ul>	Coñece danzas de distintas épocas e lugares	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.</li> </ul>	Reproduce danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.</li> </ul>	Interpreta coreografías inventadas en grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical .	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO	
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	C. clave
	<p>coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.</li> </ul>	Recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.</li> </ul>			Respecta o traballo en grupo amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.</li> </ul>				<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	



## 6. Metodoloxía didáctica

Preténdese que as distintas estratexias didácticas se amolden á natureza concreta do grupo para obter o maior rendemento posible no proceso de aprendizaxe do alumnado.

### Principios metodolóxicos xerais:

- Aprendizaxes significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.
- Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.
- Actividade : O/A alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.
- Motivación : Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.
- Afectividade : Todo isto realizáremolo nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.

O noso **papel**, como **mestres/as**, será o de **guía e mediador/a** para facilitar a construción de aprendizaxes os/as nosos/as alumnos/as.

### Estratexias metodolóxicas

- Utilización da experiencia previa do/a alumno/a como punto de partida da aprendizaxe
- Fomentar nos/as alumnos/as habilidades para a busca de información, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.
- Potenciar no alumnado a utilización das TICs e da biblioteca como recursos de aprendizaxe.
- Elaborar plans de traballo individualizado nos casos nos que as diferenzas individuais o requiran.
- Presentar actividades de reforzo e apoio, así como de ampliación das establecidas como comúns ao grupo.
- Utilizar fichas de traballo e recursos dixitais como complemento do libro de texto.
- Potenciar a lectura como medio para o progreso nas diversas áreas do currículo.
- Estar abertos ao diálogo, a escoitar os seus problemas e non negarlles a axuda solicitada.
- Crear un clima social de clase relaxado e comprensivo, evitando as tensións e disputas entre compañeiros/as.
- Distribuír tarefas e responsabilidades na clase.
- Apoiar a axuda mutua entre compañeiros/as na realización de actividades.
- Rexeitar todo tipo de discriminación: raza, sexo, condición social ...
- Favorecer a liberdade de expresión e a espontaneidade.
- Favorecer o traballo autónomo e utilizar situacións e estratexias de autoaprendizaxe.
- Levar a cabo unha avaliación continua para coñecer en cada momento a situación de partida de cada alumno/a á hora de introducir novos coñecementos.

## **Metodoloxía específica da área de Educación Musical**

A metodoloxía para traballar máis especificamente os contidos musicais terá un enfoque activo, onde o alumnado sexa o protagonista dos procesos e resultados das aprendizaxes. Utilizaranse enfoques metodolóxicos procedentes das metodoloxías dos grandes pedagogos musicais do s. XX:

- Audición activa acompañada de movemento, recursos gráficos ou partituras para o seu seguemento e análise.
- Musicogramas procedentes da metodoloxía de Jos Wuytack.
- Interpretación de pezas musicas, improvisacións, creacións e sonorizacións con instrumentos da aula, instrumentos de placas Orff, frauta doce, obxectos da vida cotiá e instrumentos de construción propia; así como os naturais do propio corpo.
- Improvisacións rítmicas e melódicas do tipo pregunta-resposta.
- Dictados rítmicos e melódicos sinxelos.
- Sílabas rítmicas como apoio oral para o desenvolvemento do ritmo propostas por Kodaly así como a visión do folclore como raíz cultural e como realidade musical máis próxima ao neno.
- A relaxación durante a actividade musical baseada no método Martenot.
- Enfoque lúdico a través de xogos motores, bailes-xogos e xogos musicados.
- A imitación como recursos para a aprendizaxe de cancións, pezas musicais e danzas.
- Uso das novas tecnoloxías para traballar os distintos contidos: audicións, interpretación musical, gravación de pezas musicais e danzas, creacións, sonorizacións; ao igual que na búsqueda, selección e intercambio de información.

### **Secuenciación habitual do traballo na aula.**

As actividades que propostas estarán destinadas á consecución dos contidos anteriormente citados, ao logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave. Podemos dividilas nos seguintes grupos:

- Actividades de introducción-motivación: crean interese nos alumnos cara a realidade que van aprender.

- Actividades de coñecementos previos: co fin de indagar nas ideas, opinións, acertos ou erros conceptuais dos alumnos e alumnas sobre os contidos a desenvolver.
- Actividades de desenvolvemento: deben cuestionar os coñecementos previos ou ampliar estes se son adecuados. Permiten traballar os conceptos, procedementos o as novas actitudes.
- Actividades de sínteses-resumo: son as que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
- Actividades de consolidación: onde se contrastan as ideas novas coas previas do alumnado e de aplicación das novas aprendizaxes.
- Actividades de ampliación: son aquelas que permiten continuar na contrución de coñecementos. Poden utilizarse como consolidación ou como profundización.
- Actividades de reforzo: programanse para os alumnos e alumnas que non acadaron os coñecementos sobre os contidos básicos, esenciais e prioritarios da Unidade Didáctica en cuestión.
- Actividades de avaliación: integradas no proceso de ensino e aprendizaxe e na actividade ordinaria da aula, con intención de mellora.

As Unidades Didácticas non inclúen necesariamente actividades de todos os tipos, senón que elixiremos as máis adecuadas para cada unha delas.

O conxunto de medidas a ter conta para crear contornas escolares saudables e seguras dentro do contexto da covid 19 deste curso 2021/2022 son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais. Por este motivo a metodoloxía poderá sufrir cambios cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiran.

No caso dun posible ensino non presencial en educación primaria, o alumando de 5º e 6º traballará coa plataforma E-dixgal, alumnado de 3º e 4º o fará a través da aula virtual e o de 1º e 2º a través dos blog de nivel. Todo o alumnado de 3º a 6º ten conta de correo electrónico @ceipsanmarcos.es, coa que se farán as comunicación co alumnado nesta situación. O alumnado de educación infantil seguirá as clases en caso de situación de docencia non presencial a través do blog do ciclo “Supercoidadores do planeta”.

## **7. Materiais e recursos didácticos.**

Calquera material que, nun contexto educativo determinado, utilizemos cunha finalidade didáctica ou para facilitar o desenvolvemento das actividades formativas:

- Material funxible: lápices, gomas, folios, lápices de cores, rotuladores, materiais de refugallo, materias naturais.
- Material impreso: libro Melodía 5 (Galinova Editorial), láminas, fotos, contos, carteis, fichas de elaboradas polo profesorado.
- Material audiovisual e informático (TIC): proxector, pizarra dixital, ordenador portátil con reproductor de CD e DVD, páxinas web, blog da materia de música e da titoría, altofalantes, ultraportátiles, cámara de fotos e vídeo, gravadora de sons, software de contidos musicais, procesador de texto, aplicacións informáticas, dispositivos electrónicos, bancos de sons e imaxes, etc.
- Material lúdico: robots didácticos e taboleiros para o seu uso, xogos musicais, bingos sonoros.
- Material musical:
  - Instrumentos de percusión: claves, caixas chinesas, güiro, maracas, triángulos, ferreñas, axoueres, crócalos, pratos, pandeiros, pandeiretas, tambores, bongoes, bombos, campaiñas, charrasco,
  - Instrumentos rudimentarios e de construción propia: botella de anís, cunchas, culleres, shakers feitos polo alumnado.
  - Instrumento de láminas: xilófonos, metalófonos e carillóns de diferentes tesituras.
  - Baquetas para todos os instrumentos que as necesiten e atrás.
- Frutas doces (achegadas polo alumnado)

## **8. Avaliación**

### **Procedemento para a avaliación inicial**

Nas primeiras semanas do curso avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado (setembro) para observar o grao de desenvolvementos curricular na área de música.

Para levar a cabo esta avaliación inicial realizaranse: probas escritas, exposicións orais, traballos individuais e en grupo, observación do traballo na aula, participación en debates,...

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos/as que necesitan un maior seguemento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe.
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar.
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguemento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor. **Procedementos de**

### **avaliación**

Os procedementos de avaliación son as accións e actividades realizadas polos participantes e polos mestres co propósito de facer efectiva a avaliación das aprendizaxes.

Así os procedementos que utilizaremos serán:

- A observación sistemática: permitindo recoller información individual ou grupal. O alumno non percibe que esta sendo avaliado, isto facilita que se manifeste de forma espontánea e natural.
- Intercambios orais co alumnado: analizando os resultados dunha produción oral levada a cabo polos alumnos.
- Análise das producións de carácter práctico elaboradas polos alumnos: básase na análise do resultado dun produto levado a cabo polos alumnos despois dun período de tempo determinado.

### **Instrumentos.**

Os instrumentos de avaliación son os materiais didácticos destinado á recollida da información. Para garantir unha calidade no proceso de avaliación deberán ser fiables e obxectivos. Os utilizados son:

- Ficha de observación: baseada en guías de observación que facilitan o rexistro dos datos e permiten conservalos con fins avaliativos.
- Diario de clase: permiten recoller a información máis significativa obtida do seguemento do proceso de aprendizaxe como a evolución dos alumnos, as dificultades e logros. Servirá para a reflexión sobre o propio quefacer educativo, para correxir erros e para rexistrar datos obtidos na avaliación inicial continua e final.

- Rúbricas: utilizando rúbricas con identificación dos descritores para cada nivel de desempeño e os mínimos esixibles para a cualificación positiva e unha rúbrica para avaliar o perfil de competencias na área de música ao final do curso

- Portafolio: é a colección de documentos de traballo do alumno que utilizarei para evidenciar as habilidades, esforzos, progresos e logros do alumnado. Servirá tamén como ferramenta de autoavaliación e como coavaliación.

- Investigación de campo: avaliando a búsqueda, selección e organización da información sobre o tema proposto desde un contexto natural e real mediante técnicas de recolección de datos como enquisas ou entrevistas.

### **Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente será continua ao longo do curso académico. Algúns dos indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán:

1. Análise dos resultados obtidos nas avaliacións.
2. O grao mínimo de adquisición dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.
3. O grao de interese e motivación do alumnado cara a materia.
4. O clima de convivencia observado na aula
5. O grao de adquisición da autonomía do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### **Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.**

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e mesmo da programación será continua ao longo do curso académico, pero de xeito explícito levarase a cabo durante o proceso. Algúns indicadores para a avaliación da nosa práctica docente serán:

1. O desenvolvemento da Programación Didáctica no seu conxunto.
2. O axuste entre a secuencialización das unidades.
3. O axeitado da metodoloxía empregada.
4. Os resultados obtidos.
5. O interese amosado polo alumnado na materia.
6. A suficiencia e o axeitado dos recursos materiais empregados e dos exercicios prácticos realizados.
7. O axeitado dos contidos traballados ao nivel do alumnado.
8. O carácter das relacións entre profesores e alumnado, así como as relacións inter pares.
9. A regularidade e a calidade da relación cos pais e nais ou cos tutores legais.
10. Claridade nos criterios da avaliación
11. Adecuación das tarefas.

## **9. Atención á diversidade.**

A atención educativa pretende o éxito escolar de todo o alumnado mediante os principios de calidade, equidade, flexibilidade, normalización e inclusión, entre outros; adecuando a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, grazas ao esforzo compartido de toda a comunidade educativa, achegando os medios e recursos necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, o desenvolvemento das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

## **10. Actividades complementarias e extraescolares.**

Recollidas na Programación Xeral Anual. Estarase aberto ao longo do curso a calquera actividade que poida xurdir e resulte de interese para o alumnado.

## **11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

A revisión, avaliación e modificación desta programación didáctica será trimestral. Para levar a cabo ditos procesos teranse en conta os indicadores de logro para a avaliación da programación recollidos nesta programación así como as conclusións das reunións do equipo de nivel.